

andaina



andaina 45

SUMARIO

- 3 Editorial
- 4 Denuncias e comentos
- 8 Sobre as alegacións de Andaina ao Anteproxecto de *Lei Galega para a Prevención e Tratamento Integral da Violencia de Xénero*
- 9 É de xustiza *In memoriam* Susan Moller Okin (1946-2004) e Iris Marion Young (1949-2006)
- 13 Corpos do desexo... e as perversións da citación da arte na publicidade
- [Dossier] 20 Mulleres na guerrilla antifranquista
Consuelo Rodríguez López, *Chelo*
- 28 Memoria de mulleres libres
- 31 Entrevista a Lola Rodal Blanco
- 37 Unha bibliografía posíbel
- 43 No internado de freiras, 1962
- 44 Ao cárcere por terceira vez
- 47 O neocaciquismo (1ª parte)
- 50 Asunción, unha vida nas conserveiras
- 52 A masona Rosario de Acuña (1851-1923)
- [Libros] 54 Literatura alternativa: Os contos non sexistas de Adela Turín e Nella Bosnia
- 59 Feminismo *versus* pacifismo. Sobre *Tres guineas* de Virginia Woolf
- 62 Los girasoles ciegos

Revista Galega de
Pensamento Feminista

Outono, 2006

Apdo. 1058
Santiago de Compostela

www.andainamulleres.org
andaina@andainamulleres.org

CONSELLO DE REDACCIÓN

Ana Arellano, Nanina Santos,
Milagros Becerra, Felicia Estévez,
Pilar Pérez Rey, Laura Gómez Lorenzo,
Nadia Álvarez Fernández,
Patricia Arias Chachero,
Celia Balboa Guerra e
Raquel Barreiro Paz

COLABORAN NESTE NÚMERO

María Xosé Agra Romero,
Anna Amorós Pons, Aurora Marco,
Carmen Blanco, Laura Gómez Lorenzo,
Patricia Arias Chachero,
Nanina Santos C., Victoria Díaz,
Áurea Sánchez,
Patricia e Ángela Comesaña Comesaña,
Marisa González Seoane,
Macarena González Pena,
Isabel Lodeiro Vales
e Ana M^a Arellano

DISEÑO GRÁFICO

CEBRA

IMPRIME

Grafisant, S. L.
D.L.: C-1.146-88

Andaina non se identifica necesariamente
coas opinións dos artigos que aparecen
nesta revista

EDITORIAL

Este chamado *ano da memoria histórica*, ten dado pé a que a cidadanía poida falar en público da traxedia colectiva que se inicia en 1936. Traxedia desatada pola sublevación militar dos rebeldes acaudillados por Franco contra o lexítimo goberno da segunda República (1936) que, após de tres anos de guerra civil (1936-1939), logran converterse en vencedores, eliminando fisicamente ou encarcerando os opositores que non puideron tomar o camiño do exilio, acalando toda disidencia, desfacendo polo miúdo o labor legislativo, educativo e social da segunda República e negando dereitos e liberdades individuais e colectivas (1940-1978).

Traxedia colectiva, tamén a España que se puxeron a construír, untándonos de medos, de fanatismos, dun catolicismo graxento e noxento alentado por aqueles bispos que sacaban a Franco baixo palio, de miseria moral e espiritual, enchéndonos de profesores que obtiveron títulos nas tómbolas patrióticas para provisión das prazas libres por eliminación dos seus titulares.

Unha das súas pezas de ouro: a imposición normativa dunha femidade consistente na máis pura subalternidade aos varóns en calquera ámbito da vida e sinaladamente na familia, lugar por antonomasia para a muller. Xa se encargaran de desaconsellar calquera veledade cos *espectáculos das peladas*, os desfiles de mulleres peladas polos falanxistas, con cartaces colgados, ou a obriga de permanecer ás portas das casas para ser vistas e sinaladas.

Neste contexto, a prevista *Lei da Memoria Histórica* que, entre outros propósitos, quizais o principal, quere dar satisfacción moral e económica ás vítimas do franquismo. Aínda que causa desolación constatar tantísimos anos de silencio e oprobio para esta reparación, benvida sexa se chega a bo porto e se fai realidade!

Outras cousas desa lei, unha fraude e unha decepción. Como non anular as sentenzas dos tribunais de excepción franquistas? Por non falar do longo período de violencia na ditadura que non precisou de procedementos xudiciais nin de garantías previas. Que siga o clima de impunidade e caradura moral que xerou a amnistía de 1977 para todos os delitos contra as persoas cometidos polos funcionarios da época de Franco. Como as leis de punto final que se inventaron despois das ditaduras chilena e arxentina, aínda que alí, grazas a valentía da sociedade civil e da xudicatura, conseguíronse derrogar, cando menos en parte.

E falando da memoria, o que importa –e importa de verdade– son as políticas públicas da memoria (amén do drama de quen padeceu a violencia política e queira prestar testemuño): os do-

cumentos e outros materiais (fotográfico, audiovisual) que hai que preservar e xestionar acaidamente para legar as xeracións vindeiras combatendo os vicios persistentes na xestión pública dos documentos escritos, porque é certo que sen arquivos non hai historia, e a historia non é a memoria (tantas veces fraca e interesada). Documentos –tamén os dos fondos documentais da Fundación Nacional Francisco Franco xestionados pola ultradereita e a familia do ditador– que permitan coñecer a verdade e rexeitar o esquecemento e impidan que ese revisionismo tan caro aos responsables directos ou indirectos do acontecido (un pasado de morte, de represión, de terror, de negación de liberdades) se instale como memoria nos libros de texto, en exposicións ou museos.

A nosa contribución, no dossier: «A memoria esquecida», memoria de mulleres que foron, que fixeron, que loitaron, que arriscaron e que serían encarceradas, deportadas, paseadas, fusiladas, silenciadas, peladas. Mulleres que combateron o franquismo e no franquismo e ás que tampouco agora se rende xusto tributo porque o masculino reinante non deixa de campar ás súas anchas. 6



Teenses pola Igualdade

Tenses pola Igualdade querían que Teo dedicase unha rúa a Clara Campoamor para honra da deputada en Cortes en 1931 que avogou contra o sol e a lúa a prol do voto feminino e así llo propuxeron ao concello que non o aceptou. Armando Blanco, o alcalde, argumentou que a mencionada rúa levará o seu propio nome, así, «Alcalde Armando Blanco». Non é marabilloso?! ☞



Ale... pasen e vexan

Ale... pasen e vexan as novidades que se debaten en Perú en materia lexislativa.

Na súa constitución teñen pena de morte para delitos de traizón á patria en casos de guerra ou terrorismo, porén non se ten aplicado nas últimas décadas. Así que agora Lourdes Alcorta decidiu que pode ser ocasión de avivar algo tan interesante. Congresista de Unidade Nacional, partido da oposición, quere que se aplique aos violadores de menores de 9 anos e de discapacitados físicos e mentais e tamén para os que provoquen a morte de menores despois dunha violación.

Podíamos poñernos a debater por que para os de 9 anos si e para os de 10 ou 11 non, porén non queremos pena de morte tampouco para os violadores nin de persoas pequenas nin de persoas adultas. Nin de homes nin de mulleres.

Tamén en Somalia se acaban de lucir. Desde que a capital somalí está controlada por islamistas (xuíño), a primeira condea á pena capital que executa a Unión de Cortes Islámicas fixeron un chamamento por radio de parte dos fiscais islámicos para que as xentes fosen presenciar tan edificante espectáculo... E alí foron máis de 6000 persoas en Mogadiscio ao fusilamento dun delincente. ☞

Si, si, xa sei o moito que as mulleres avanzamos, que xa estamos en todas partes a moreas: na universidade, gobernos, xudicatura... porén, sabes cantas mulleres están nos consellos de administración das principais empresas españolas?

Das 1296 cadeiras, ELAS, ocupan 50 e todas as demais –1246–, súas, deles, dos varóns. ☞

A finais de agosto os xornais facíanse eco dun inquérito elaborado por Vicepresidencia da Xunta de Galicia sobre algunhas ideas das galegas e dos galegos.

Un 20% opina que o deber dunha muller é coidar da casa e o deber do varón gañar os cartos.

O 14 % que o lavado da roupa é cousa de mulleres e o 25% din que as pequenas reparacións son cousa deles.

Un 80% cre que as responsabilidades familiares son o principal atranco para que as mulleres poidan desenvolver os seus traballos en igualdade cos varóns (porque supoñen –engado eu– que as familias son cousa delas e as deixan nas súas mans. Si, non si?), de feito elas, cando buscan un emprego priman poder compatibilizar traballo e familia mentres que eles priorizan o soldo.

Mirando cara atrás é certísimo que esta sociedade ten cambiado moito, porén... hai moito que andar.

Que llo pregunten se non á sociedade sueca, que se considera líder en igualdade, sen embargo di Gudrun Schyman experimentada parlamentaria e cabeza de lista do novo partido feminista ás eleccións do 17 de setembro na entrevista que lle fixeron Priya Álvarez e María Pazos: «O patrón de poder de homes sobre mulleres remanece: altísimas taxas de emprego feminino a tempo parcial, ocupación moito máis elevada do traballo doméstico e de coidados familiares e menores ingresos nas actividades remuneradas». ☞

As outras feministas

Aspecto dos encontros de *As outras feministas* celebrado o sábado 21 de outubro en Madrid ao que acudimos 125 mulleres. Quixeron que constase a súa indesexada ausencia Manuela Carmena, Maruja Torres e Rosa Montero. No número 44 de *Andaina* publicabamos o manifesto «Un feminismo que tamén existe», asinado por un número importante de mulleres e do que deran conta os medios de comunicación a metade de marzo 2006.

Tres grandes títulos previstos para debate con relatoras que previamente prepararan as súas exposicións:

Paloma Uría e Justa Montero, *As concepcións feministas da corrente*.

Isabel Holgado e Cristina Garaizábal, *Prostitución*.

María Antonia Caro, María Sanahuja e Miren Ortabay, *Alguns aspectos da violencia de xénero*.

O encontro desenvolveuse durante todo o día, desde as 11.00 h até as 21.30 h cun descanso para o xantar.

Un nivel máis que interesante no intercambio (teórico e de reflexión sobre experiencias de traballo), e un ambiente de liberdade e tranquilidade durante o debate moi de agradecer.

No remate desas tres ponencias, aspectos prácticos de traballo, a construción dunha páxina e foros de intercambio de opinións, propostas de cambio de nome porque non satisfai máis que o aspecto *marquetin* e crea problemas de marcar dous polos (as unhas e as outras) cando é indubidábel que a cousa é máis complexa e depende das cuestións que estean na palestra. Tamén os problemas que leva basear a filosofía do grupo na diferenza, a pesar das diferenzas. Porén... o tempo era ido e xa bastantes das asistentes foran marchando, co que quedou pendente de resolver a través da páxina web que en breve se porá en marcha e a través da coordinadora integrada basicamente polas promotoras. ☞



Folleto da exposición itinerante «Os mártires do mar», que viaxou no rehabilitado vapor *Hidria II*, o *Barco da memoria* pola costa galega entre o 17 de xullo e o 6 de setembro deste ano, con actividades complementarias en cada vila de recalada, dentro do programa que desenvolve a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia para o «Ano da Memoria».

Dolorosa e necesaria exposición, de gran importancia para o coñecemento e recoñecemento da nosa historia recente. Mágoa a ausencia de visibilización das mulleres do mar que sufriron a represión franquista no conxunto da documentación gráfica histórica desta mostra. ☞



O 75 aniversario do voto

Nada menos que setenta e cinco anos pasados da aprobación do voto feminino nas Cortes republicanas para que o Concello de Compostela decidise en acto conmemorativo render homenaxe pública á principal artífice da súa aprobación parlamentar: Clara Campoamor, a quen lle será dedicada unha rúa en Santiago.

O acto que se celebrou na mañá do domingo 1 de outubro de 2006 na praza do Toural estivo animado musicalmente por Leilía e contou coa presenza e as palabras de Dolores Villarino, presidenta do Parlamento Galego, de Pilar Domínguez, presidenta da Asociación do Traxe Galego, de Nieves Lagares Díez, decana da Facultade de Políticas, de Adelaida Negreira, concelleira de Benestar social e da Muller, e do alcalde Xosé Sánchez Bugallo.

Repartiuse o libro de Mercedes Pacheco Vázquez: *Clara Campoamor e a loita polo voto feminino* editado pola Concellaría da Muller do Concello de Santiago (2006).

desta homenaxe neste ano de Recuperación da Memoria e a necesidade de tirar do esquecemento a esta muller «esquecida a mantenta polas crónicas dos historiadores» e a condena «ao exilio e ao silencio imposto pola historia escrita polos vencedores».

Clara Campoamor (Madrid, 1888 - Lausanne, Suíza, 1972). Na súa honra e memoria descubriuse a placa que se vai colocar nalgunha rúa de Santiago.

Pelexou nas Cortes de 1931 abrumadamente masculinas (as mulleres podían ser electas, porén non elixir) e onde en apaixonados debates discutiu contra quen se negaba a aprobar o voto feminino argumentando que elas, as mulleres, estaban «presas» das sotanas e o que estas representaban e que darían o triunfo «ás dereitas» cos seus votos. Expresou o seu radical desacordo con quen quería unha lei de voto feminino «hoxe si porque me favorece a min e mañá non porque pode darche a vitoria a ti» e non se acovardou tampouco pese á oposición de Victoria Kent e Margarita Nelken, tamén deputadas.

O 1 de outubro de 1931 o voto feminino apróbase: 161 votos a favor e 121 en contra, dereito que quedaría fixado no artigo 36 da Constitución da segunda República.

Clara Campoamor era unha loitadora que teimaba no desenvolvemento das mulleres outorgándolles todos os dereitos cidadáns e crebando as cadeas que as aferrollaban para mantelas sometidas a pais, maridos e sotanas. Era unha feminista convencida. Admiraba

fondamente á súa devanceira Concepción Arenal de quen se sentía debedora.

Traballou nas Cortes da República pola lei do divorcio, contra o delito de adulterio, polos dereitos da infancia...

Que Compostela teña unha rúa adicada a esta devanceira e loitadora feminista xa ía sendo hora! 



Lembrouse a conquista do voto feminino, o inxusto de proclamar *sufrañio universal* ao voto censitario masculino primeiro e masculino despois, á importancia do voto como mecanismo de participación e elección dos representantes políticos, á paréntese á que nos someteu o franquismo que se alzou contra o goberno da República e negou dereitos e liberdades por corenta anos, a especial significación


Aos cirurxiáns plásticos non lles vai mal o negocio coa idea que moitas mulleres teñen de si propias e as ideas que teñen outros delas e elas están dispostas a compartir. Así poden estirar enrugadas, medrar ou aminguar mamas, absorber graxas ou retocar calquera porción do corpo a tiro de bisturí, láser ou outras tecnoloxías.

Se queres tamén podes poñer o himen na lista de servizos: que queres presentarllo enteiro a algún *partner*? Arránxancho e outra vez virxe. Desiderátum para calquera que se prece e seica para moitos homes que *están do frasco* e nada máis.

Poxas de virxes que se levan, en despedidas de solteiro. E até 6000 € pagan algúns por romper un himen. E eu dou en pensar que é o que teñen nos miolos estas persoas e que é o que senten?


A maioría das que se fan practicar a himenoplastia, din as persoas expertas, son xitanas e musulmás, dúas culturas que poñen exceso de celo na virxindade das mulleres e no seu control.

Ben está que vaian sabendo que nin sequera isto é seguro. Que elas están dispostas a dar gato por lebre mentres eles estean encirrados en ideas machistas e posesivas.

Contábensenos xa na *Celestina* habelencias deste tipo para burlar tal estupidez. Ela, capaz de facer e desfacer máis de 5000 himens, carimbo de castidade e honra. 

Traballo invisible e oculto

Que nos fogares elas traballan máis horas non é novidade algunha. Que é un traballo *invisible e oculto* tampouco aporta nada especial. Si resulta novidosa *A Conta Satélite de Producción Doméstica* do Instituto Galego de Estatística que cuantificou a riqueza que xeran as tarefas do fogar, que en termos económicos equivale ao 37% do **Produto Interior Bruto (PIB) de Galicia**, o que sitúa esta economía á altura do sector industrial, do agrario ou da construción.

A Conta Satélite foi presentada aos medios de comunicación no final de setembro pola Secretaria Xeral de Igualdade, Carme Adán e o director do Instituto Galego de Estatística, José Colino. 

Boletín
de subscrición



andaina

Revista Galega de Pensamento Feminista

Nome

Apelidos

Enderezo

Localidade Código Postal

Desexo subscribirme á Revista **Andaina**

a partir do nº

Prezo: *Tarifa normal* 15 € ano

Tarifa de apoio 16 € ano

Envío talón. Pago en efectivo

Transferencia bancaria á cta. de Andaina (Caixa Galicia CCC: 2091-0377-74-3040003301)

Domiciliación bancaria (cubrir os datos adxuntos e enviar a: Revista Andaina, apdo. 1058 de Santiago)

Data

Bco/Caixa Oficina

Localidade

Agradecerei-lles que a partir desta data atendan con cargo a miña conta Nº CCC:

Entidade Oficina

Dc Nº de conta

Os recibos presentados pola revista **Andaina**. Atentamente:

Nome

Apelidos

Sinatura do/a titular da conta:



En xuño de 2006 desde a Secretaría Xeral de Igualdade dirixida por Carme Adán fíxosenos chegar a ANDAINA o borrador de Anteproxecto de *Lei Galega para a Prevención e Tratamento Integral da Violencia de Xénero*, para que o coñecésemos e fixesemos as nosas alegacións remitíndoas á Secretaría Xeral. Unha cuestión ben novidosa: pídese opinión expresa ás organizacións, institucións e entidades vencelladas á cuestión, o que expresa un xeito de facer moi diferente a Gobernos anteriores. Dabamos conta disto no editorial do noso número anterior (*Andaina*, núm. 44).

go a violencia social e a *lei do máis forte* na que as persoas somos socializadas maioritariamente nesta sociedade.

A filosofía do castigo como solución para atallar o problema. Solución fácil se se quere desculpar e sacar responsabilidade ao Estado, porén non solución eficaz para a protección das vítimas nin para tratamento penal e rehabilitador dos culpábeis.

Expresións inacaídas ou inspiradas en preconceptos:

«Tráfico de mulleres e nenas» en troca de *sexo comercial forzado* dan-

comunicación...). De manterse algunha das redaccións, teríamos que despedirnos de moitísima literatura (e boa literatura), cine, pintura...

Tres cuestións máis mereceron as nosas alegacións:

A **insistencia e obrigatoriedade da denuncia** como medio para acceder aos servizos e recursos que a comunidade pon ao dispor das vítimas, así como a multiplicación de rexistros de maltratadas (sanidade, policía, xudicatura...) ou servizos.

Sobre as **ALEGACIONES DE ANDAINA** ao Anteproxecto de «Lei Galega para a Prevención e Tratamento Integral da Violencia de Xénero»

Logo de estudar e debater o texto, mandamos as nosas alegacións (catro páxinas que se poden consultar na nosa web: www.andainamulleres.org), co afán de que a lei sexa mellorada, manifestamente mellorada.

Algunhas cuestións da filosofía que inspiran o articulado do borrador e que nos preocupan:

O que se chama o «dereito penal de autor», que castiga un delito non polos feitos cometidos, senón por quen os comete.

A consideración de que «o impulso masculino de dominio» é o factor desencadeante da violencia desconsiderando e ignorando outros factores: a estrutura familiar, a educación relixiosa coa mensaxe de matrimonio-sacramento, o propio concepto de amor ou parella con valor de posesión e desde lo-

do por sentado que todas as mulleres estranxeiras que exercen a prostitución son sempre e todas «traficadas», «prostituídas», «violentadas».

«Violencia contra os dereitos sexuais» para referirse a abortos e esterilizacións forzadas, sendo a expresión acaída *dereitos reprodutivos*, que non sexuais.

Invádense certas competencias legislativas que non veñen ao caso neste anteproxecto de lei porque forman parte doutras leis estatais e non corresponden ao Goberno galego.

Hai algúns conceptos que na nosa opinión **deberían formularse en positivo**, premiando estímulos e bo facer en troca de proporse a exclusión, supresión ou censura (a respecto da publicidade, medios de

Considerar a situación de maltrato condición preferente para **acceso á vivenda**, por exemplo. Na nosa opinión este é un dereito das persoas e as preferencias deben de se lles outorgar ás persoas en situación de vulnerabilidade sinalada en razón á precariedade económica e ás cargas familiares.

Programas de **mediación familiar** e a necesidade de reforzar e mellorar moitos dos que xa existen levados a cabo por organismos públicos sectoriais co propósito de reducir a xudicialización dos conflitos en tanto sexa posíbel. ¶

É de xustiza

In memoriam
Susan Moller Okin
(1946-2004)



e Iris Marion Young
(1949-2006)



 **MARÍA XOSÉ AGRA ROMERO**

¿Somos un ou somos dous,
ou tantos como en nós temos?
Cada un é o caber dun mundo
que non sabemos
si somos ou si el é o que
ten e nós mecemos.

María MARIÑO

Cando a comezos de setembro souben que había apenas un mes morrera Iris Marion Young a verdade é que me causou unha certa conmoción e inmediatamente veume á cabeza a morte, dous anos antes, de Susan Moller Okin, ámbalas dúas con 57 anos, na plenitude das súas vidas e das súas producións intelectuais e fíxome matinar na enorme perda que isto supoñía para quen se preocupa pola xustiza e a igualdade. En xeral non son amiga das necrolóxicas e máis cando se trata de persoas de recoñecido prestixio que levantan as loas dunha corte de «escolásticos» ou aproveitados destes eventos, incluso preparándoos con antelación, converténdoo nunha sorte de ritual. Quizais polo peso desta miña visión particular non me ocupei de Susan Moller Okin no seu

momento e explique que agora trate de paliar esta falla, malia sexa provocado por outro infeliz acontecemento. Quizais tamén a coincidencia na idade da morte e o pouco tempo entre unha e outra me teña levado a reparar no que esta perda supón para a filosofía política en xeral e para a feminista moi en particular, na medida en que ámbalas dúas foron filósofas políticas feministas, comprometidas e loitadoras, que irromperon con forza no debate sobre a xustiza social e política no mundo académico desde posicións teóricas potentes, abrindo o campo para moitas outras, o que non é pouco, que conseguiron ser tidas en conta como referentes de peso ante os problemas que nos ocupan e preocupan hoxe como mulleres e como seres humanos. É dicir, foron quen de seren escoitadas. Talvez como as dúas me deron moito que pensar e pasei, e aínda sigo a pasar, moitas horas cos seus textos, compartindo a teima da xustiza social e política, malia que non cheguei coñecerlas persoalmente, querería renderlles o meu pequeno contributo cunhas breves liñas sobre as súas achegas na certeza de que non sei se pasarán á historia, quero crer que si, pero alomenos que teñan o recoñecemento e a memoria de todas aquelas a quen nos obrigaron a pensar con elas e, como non, tamén polemicamente contra elas, a quen nos axudaron a enxergar os problemas. E para quen non as coñecía ou non tiña atopado o momento para lelas o faga agora co convencemento de que sempre paga a pena.

Na filosofía política contemporánea sinálase a publicación en 1971 da *Teoría da xustiza* de Rawls como o punto de referencia para situar os debates máis senlleiros e a importancia que adquire a reflexión sobre a xustiza social e política no século vinte. Neste contexto, no ámbito anglosaxón e sobre todo es-

tadounidense, xorden as voces críticas do feminismo sobre a forma de abordar a xustiza, as desigualdades das mulleres, o xénero, a familia, en definitiva sométese a escrutinio crítico á filosofía política. Susan Moller Okin nada en Auckland, Nova Zelandia, onde vai á universidade, para logo facer un mestrado de Filosofía en Oxford en 1970 e doutorarse en Harvard no 1975, foi profesora nas Universidades de Auckland, Vassar, Brandeis e Harvard, e no momento da súa morte estaba na de Stanford. En 1979 publica *Women in Western Political Thought*, onde defende a centralidade da cuestión das mulleres para a política, sendo un dos textos pioneiros neste ámbito. Será non obstante máis coñecida por *Justice, Gender and the Family*, que aparece en 1989 e onde se enfronta á concepción de Rawls, nestes anos no centro do debate, e doutros filósofos políticos contempo-

rabilidade das mulleres polo matrimonio e o divorcio, de xeito que sempre se acode a ela para referírmonos ao «ciclo de asimétrica vulnerabilidade» que xeran. A familia e o matrimonio son institucións inxustas, dinos, xeran desigualdade de oportunidades, dependencia, explotación e abuso. Mais a familia é tamén unha potencial escola de xustiza na medida en que é nela onde se leva a cabo a socialización moral. Aposta por unha familia igualitaria, fronte á tradicional, o que a leva naturalmente a non privilexiar as familias heterosexuais.

En 1997 publica, cun título que ela mesma recoñecerá como moi provocador, «Is Multiculturalism Bad for Women?» na *Boston Review* e que será logo recollido nun libro, publicado no 1999, coas res-

A xustiza social consiste na «eliminación da dominación e opresión institucionalizadas. Calquera aspecto da organización social e calquera práctica relevante para a dominación e a opresión está suxeita, en principio, a avaliación conforme aos ideais de xustiza»

raneos, facendo especial fincapé na xustiza na esfera doméstica, na familia. A crítica que desenvolve é unha crítica interna, pois Okin incardínase no feminismo liberal humanista, tendo en conta que o liberalismo que subscribe é o da tradición progresista. O que vén de facer é unha revisión da concepción da xustiza de Rawls, propondo a súa reformulación, asumindo o importante papel da esfera doméstica e examinando como afectan ás desigualdades das mulleres, amosando a estrutura de xénero da sociedade e incidindo na vulne-

postas que levantou o seu texto. Abriu unha enorme polémica sobre os dereitos das mulleres e os dereitos de grupos, ou, doutro xeito, sobre se a cuestión do multiculturalismo implica que as mulleres teñan que elixir entre os seus dereitos ou a súa cultura, poñendo sobre o tapete os dilemas que formula a relación entre feminismo e multiculturalismo. Trátase tamén dun texto pioneiro que, non obstante, vai ser matizado en posteriores escritos da nosa autora. Foi unha gran defensora dos dereitos das mulleres, da xustiza e da paz e

nos últimos tempos estaba a traballar sobre desenvolvemento económico e dereitos das mulleres, labor que facía como Profesora Visitante Distinguida no Radacliffe Institute for Advanced Study na Universidade de Harvard no momento da súa morte. Tamén apoiaba activamente O Global Fund for Women, unha fundación de dereitos das mulleres con sede en San Francisco e como membro dela foi delegada no Foro Social Mundial celebrado en Mumbai, India, e percorreu o país durante tres semanas que, ela mesma confesou, cambiou a visión que tiña do país dende fóra.

Iris Marion Young nada en Nova Iorque, estudou filosofía no Queens College onde se gradúa no 1970, doutorase en filosofía en

será a aparición en 1990 de *Justice and the Politics of Difference* –do que dispomos de tradución en castelán cun atraso de dez anos, é unha lectura moi recomendable– a que a faga ser coñecida a nivel internacional. Neste texto fai unha crítica do que ela denomina o paradigma distributivo da xustiza. A xustiza social consiste na «eliminación da dominación e opresión institucionalizadas. Calquera aspecto da organización social e calquera práctica relevante para a dominación e a opresión está suxeita, en principio, a avaliación conforme aos ideais de xustiza». Os ideais da xustiza presupoñen o igual valor moral das persoas e susténtanse en dous valores moi xerais e universalistas: desenvolver e exercer as nosas capacidades e expresar a nosa

[...] xorden as voces críticas do feminismo sobre a forma de abordar a xustiza, as desigualdades das mulleres, o xénero, a familia, en definitiva sométese a escrutinio crítico á filosofía política

1974 na Universidade de Pennsylvania. Impartiu cursos e conferencias en moitas universidades estadounidenses (Miami, Pittsburg) e europeas, no momento da súa morte, e desde o ano 2000, era profesora de ciencia política na Universidade de Chicago. A súa preocupación teórica e práctica xira sobre as teorías da xustiza, a teoría democrática e a teoría feminista, inseríndose na liña da teoría crítica, comprometida co diálogo coa cultura filosófica e política europea. Aínda que tiña artigos e un libro publicado con anterioridade,

experiencia (autodesenvolvemento); e participar na determinación da nosa acción e das condicións da nosa acción (autodeterminación). A xustiza esixe que se garantan a todos e todas.

Oponse á redución da xustiza social á distribución pois supón, ao seu xuízo, esquecer que a estrutura social e o contexto institucional determinan a miúdo os patróns distributivos. A súa concepción responde a idea de que, ademais das cuestións relativas á igualdade e desigualdade de renda e riqueza, hai que prestar atención –o que non

fai o paradigma distributivo– a aquelas relativas ás estruturas e procesos de toma de decisións, á división do traballo e a cultura: símbolos, imaxes, significados e comportamentos habituais, historias e todo aquilo a través do cal a xente expresa a súa experiencia e se comunica. Para Young hai que ampliar, xa que logo, o alcance da xustiza social, atender a distribución e a cultura, a explotación, opresión e dominación material, cultural e política. Identifica cinco formas de inxustiza ou caras da opresión: explotación, marxinación, carencia de poder, violencia e imperialismo cultural. Vai soste unha concepción da cidadanía «diferenciada» nun ámbito público heteroxéneo, o que a leva, á vez, a dous principios políticos: a) que ningunha persoa, acción ou aspecto da vida dunha persoa debería ser forzada á privacidade e b) que ningunha práctica social ou institucional debería ser excluída a priori como un tema propio de expresión e discusión pública. Presentando a súa defensa do recoñecemento e da diferenza de grupo, segundo a súa visión de que as diferenzas non poden nin deben ser transcendidas. Defende un sistema dual de dereitos, isto é, dereitos individuais e dereitos de grupo, reclamando a representación política dos grupos, unha cidadanía diferenciada, sistema que posteriormente tamén perfilará ou matizará máis como pode verse en *Inclusion and Democracy* (2000). Neste sentido Young vai ser unha pioneira na incorporación do recoñecemento, en non atender só a distribución, a xustiza social e política. Sendo así mesmo unha das pioneiras en avogar por pensar a xustiza global, internacional. Nos últimos tempos viña a traballar en cuestións de responsabilidade política e inxustizas estruturais a gran escala. Cómpre sinalar que ademais dunha importante e brillante teó-


rica o seu compromiso coa xustiza social non a afastaba da actividade política de base e de rúa.

Okin e Young desde marcos teóricos diferentes e non irreconciliables, compartían unha paixón común que orientou as súas vidas e o seu pensamento e que ademais conseguían transmitir: a paixón pola xustiza e a igualdade. Xa que logo, como dicía, é unha grande perda, só cómpre agardar que o seu activo compromiso e o seu esforzo teórico non caian no baleiro. Sen dúbida o feito de seren mulleres e feministas non pode nin debe pasarse por alto, esixe que non se esqueza o seu empeño nestas loitas. Por iso coido que, ademais de sermos agradecidas con aquelas que nos precederon, que abriron portas e camiños, é de xustiza facermos un exercicio de memoria.

Algunhas referencias bibliográficas

- OKIN, Susan Moller (1989a): *Justice, Gender and Family*, New York, Basic Books.
- (1989b): «Humanist Liberalism», en Nancy L. ROSEMBLUM (ed.): *Liberalism and the Moral Life*, Cambridge, Massachusetts/London, Harvard University Press.
- (1996): «Sexual Orientation, Gender, and Families: Dichotomizing Differences», *Hypatia*, 11, 30-48.
- (1996a): «Desigualdad de género y diferencias culturales», en C. CASTELLS (comp.): *Perspectivas feministas en teoría política*, Barcelona, Paidós.
- (1999): *Is Multiculturalism Bad for Women?*. Susan Moller Okin with Respondents, J. Cohen, M. Howard e M. C. Nussbaum (eds.), Princeton, Princeton University Press.

YOUNG, Iris Marion (1996): «Vida política y diferencia de grupos: una crítica del ideal de ciudadanía universal», en C. CASTELLS (comp.): *Perspectivas feministas en teoría política*, Barcelona, Paidós.

- (1997): *Intersecting Voices. Dilemmas of Gender, Political Philosophy, and Policy*, Princeton, New Jersey, Princeton University Press.
- (2000) *Inclusion and Democracy*, Oxford, Oxford University Press.
- (2000) *Justicia y política de la diferencia*, Madrid, Cátedra.
- (2005) «Responsabilidad y justicia global: un modelo de conexión social», *Anales de la Cátedra Francisco Suárez*, IVR. 

Servicio de Asesoramento das Mulleres

■ CONCELLERÍA DA MULLER ■

Para a atención específica dos problemas que afectan ás mulleres o Concello de Santiago pon a súa disposición o Servicio de Asesoramento das Mulleres


Para asesorarte nas túas dúbidas e buscar unha solución ós teus problemas familiares, laborais, xurídicos e sociais.

Estamos a túa disposición na Praza da Constitución s/n.

■ *Horario de atención ó público*

Tódolos días de 10 a 14 h.

Teléfono: 981 57 14 61



CONCELLO DE SANTIAGO

Concellería da Muller

Corpos do deseño...

e as perversións da citación da arte na publicidade

ANNA AMORÓS PONS*

Submerxidos neste contexto cotiá, somos receptores inconscientes de valores culturais atribuídos a produtos de consumo. As novas tecnoloxías facilitan cada día a difusión de milleiros de imaxes, imaxes publicitarias que invaden as nosas cidades, os nosos fogares, as nosas mentes, os sonhos e os desexos. As pantallas que abren os nosos ollos ao mundo (as das salas de cinema, televisor, ordenador, teléfono móbil) están todas elas invadidas de imaxes publicitarias que

teñen o seu referente cultural nas artes precedentes: na pintura, na escultura, na arquitectura, nas artes escénicas, na literatura, no cinema, nas bandas deseñadas, etc. Imaxes que retoman elementos estéticos doutros eidos artísticos convertendo o deseño publicitario nunha arte ecléctica. Arte en canto á técnica, ecléctica en canto á mistura. Dende unha visión kantiana, poderíamos equiparar a arte publicitaria á *arte do fermoso*, e o *fermoso* como algunha *cousa pracenteira*, e o pracenteiro como *esa sensación de desexo* que esperta no consumidor ao observar o produto representado.

Ao longo deste artigo, adentrarémonos na complexa paisaxe da intertextualidade (en termos de Gérard Genette, 1989) da arte existente no deseño publicitario de corpos de muller. Aproximarémonos ao eido da citación recorrente na creatividade publicitaria dende diferentes movementos artístico-pictóricos. Analizaremos, a través dunha mostra seleccionada de anuncios impresos actuais, as transferencias artísticas existentes no deseño publicitario. Deste xeito, indagaremos na estética das diferentes tendencias pictóricas e como os

* Profesora titular de Comunicación Audiovisual e Publicidade na Universidade de Vigo.



seus trazos de identidade extrapólanse e permanecen vixentes no deseño publicitario actual. Dende a arte greco-romana ata as vangardas máis contemporáneas, unha grande variedade de correntes plásticas son a fonte de inspiración dos directores de arte e dos creativos publicitarios das axencias. Un breve percorrido polos diferentes movementos artísticos e a súa plasmación nunha mostra actual de anuncios de muller vainos facer comprender mellor a pervivencia de modas, de canons corporais e as perversións da citación (no senso utilizado por Antoine Compagnon, 1979) presentes na publicidade de muller.

As perversións da citación posmoderna

Comezamos a nosa análise por un anuncio que nos remite ineludiblemente á cultura greco-romana. Ao igual que no seu día a deusa grega Afrodita ou a romana Venus (foto 1) se amosaban como as raíñas da beleza, do ceo, da terra, das augas, como as deusas do amor e da fecundidade, a muller da publicidade Sculpture (foto 1.1) preséntasenos tamén con eses mesmos atributos. Cuns claros referentes á beleza greco-romana (unha muller terreal vestida imitando a clásica túnica e con reminiscencias de deusa do Olimpo), á mitoloxía grega no imagotipo (na figura do animal grifo, metade aguia e metade león, símbolo do enxeño e da grandeza), á semellanza toponímica (no nome Nikos), ao xogo de proporcionalidade e equilibrio (na composición dos elementos arquitectónicos que configuran a imaxe do anuncio) e ao ar mediterráneo

(o mar, como símbolo de eternidade, e o sol, como fonte de vida), todo isto mesturado para presentar o seu produto: un perfume (que se presenta como o elixir da vida e da xuventude) dentro dun frasco, de deseño estilizado e cilíndrico, de formas totalmente fálicas (como o elemento fecundador).

Avanzamos no tempo e centrámonos agora na época do Renacemento, de grande



inspiración na publicidade de perfumes, e no pintor Lucas Sander Cranach el Viejo (1472-1553), famoso polos seus lenzos de escenas bíblicas con sensuais fêmeas espidas. Da súas dez pinturas sobre Adán e Eva no paraíso escollemos unha de Eva do ano 1528 (foto 2). Segundo a narración bíblica, Eva é a primeira muller creada por Deus a partir das costelas de Adán. O nome

Ao igual que no seu día a deusa grega Afrodita ou a romana Venus se amosaban como as raíñas da beleza, do ceo, da terra, das augas, como as deusas do amor e da fecundidade...

SCULPTURE



(foto 1) Venus
(foto 1.1) Publicidade Sculpture



Eva é a primeira muller núa feminina individualizada dentro da arte cristiá. Agora ben, a muller de Cacharel representa a personaxe bíblica Eva. A través dun xogo de cores, de elementos referenciais da natureza, de froitas...

[foto 2] *Eva* de Lucas Sunder Cranach

[foto 2.1] Publicidade Cacharel

[foto 3] *O bico* de Klimt

[foto 3.1] Publicidade Nuits Indiennes

hebreo de Eva («Havva») significa *doadora de vida*, entendido o termo vida como fecundidade. Eva é a primeira muller núa feminina individualizada dentro da arte cristiá. Agora ben, a muller de Cacharel (foto 2.1) representa a personaxe bíblica Eva. A través dun xogo de cores (de tonalidades verdes), de elementos referenciais da natureza (follas de árbores), de froitas (a mazá), de verbas (o slogan «O perfume prohibido») preséntasenos o perfume Edén, nun frasco que asemella a textura da opalina, de deseño sobrio e depurado e moi feminino polas súas suaves curvas, unhas curvas que deixan na man unha sensación de redondez, evocando neste caso a famosa froita da tentación.

Continuamos a nosa traxectoria e adentrámonos no complexo, pero tamén riquísimo, período de finais da última década do século XIX e a primeira do XX co Modernismo, un estilo artístico internacional coñecido tamén como Art Nouveau ou Liberty Style, e o seu artista máis representativo, Gustav Klimt (1862-1918) coas súas creacións pictóricas influenciadas polos mosaicos bizantinos e os seus fondos decorados con cores douradas. Desta épo-

ca destacamos *O bico* de 1907 / 1908 (foto 3), onde unha parella, abrazada, fúndese nun apaixonado e tenro bico (un xesto que transmite a intensidade do amor que existe

entre eles), onde o home agocha a faciana e a muller ladea a cabeza (coma unha manifestación de deixárense levar ámbolos dous por ese instante de paixón). As vestimentas





(foto 4) *Nu reclinado nun sofá* de Amadeo Modigliani

(foto 4.1) Publicidade de Obsession

Modigliani, creador dunha linguaxe propia, onde as cores de tonalidades intensas, as densas pinceladas e as liñas definen formas, volumes e composicións plasticamente modelables. [...] Un xeito distinto de provocación visual que é utilizado tamén pola muller que presenta Obsession


e o decorado asemellan un mosaico de ouro e pedras preciosas ao máis puro estilo das obras bizantinas. Nesta mesma liña, a imaxe publicitaria utilizada pola casa de moda parisina Jean-Louis Scherrer recréase tanto na posta en escena coma nos elementos decorativos do lenzo de Klimt, cando, ao presentar o seu perfume *Nuits Indiennes* (foto 3.1), nos amosa unha rapaza loura, cun espectacular puzzle-vestido de abelorios e envolta en brillantes teas douradas de luaré, recostada e transmitindo unha sensación de pracer e desexo. O perfume é dun universo singular e irreal, propio do mundo da literatura e da fantasía ao facernos lembrar os famosos contos orientais de *As mil e unha noites*. Fragancia que se amosa infinitamente rica, como un elixir de amor e misterio. O estilizado deseño do frasco é unha perfecta evocación de todo o esplendor e beleza da cultura oriental, simbolizando unha xoia de ouro e pedras preciosas. O frasco, ricamente labrado, reproduce o estilo do cristal de Murano, e cede o seu protagonismo ao tapón que re-

presenta maxicamente o tallado dunha preciosa esmeralda. Seguindo o mesmo estilo de deseño, o envoltorio inspírase na arquitectura das cúpulas dos palacetes orientais.

Centremos a nosa análise nun dos pintores vangardistas máis influíntes nos espidos publicitarios. Estamos a falar do italiano Amadeo Modigliani (1884-1920), cunha traxectoria influenciada polos fauvistas, cubistas, a arte negra e, sobre todo, por Cézanne. Creador dunha linguaxe propia, onde as cores de tonalidades intensas, as densas pinceladas e as liñas definen formas, volumes e composicións plasticamente modelables. Da súa extensa obra pictórica destacan os retratos e espidos femininos, exaltando formas sinuosas onde a languidez dos corpos se sublima co abandono da cabeza. É de destacar *Nu reclinado nun sofá* de 1917/1919 (foto 4), onde se observa unha rapaza recostada sobre un sofá, cos brazos encollidos e as coxas lixeiramente separadas, unha pose de extrema sensualidade na que deixa ao descuberto toda a parte traseira do corpo, lombo, nádegas e

pernas. Aínda que esta pose escollida polo pintor no é a máis usual, xa que Modigliani explotaba sempre a parte dianteira do corpo da muller pola forte carga erótica que se desprende cando se amosan os seos e a parte da zona púbica, posiblemente fora mostrada pola actitude erótica que emana a través desa mirada fixa da moza, que cun halo de inocencia dentro dun corpo de muller ao máis puro estilo da *femme-enfant*, esperta no espectador os desexos máis agochados. Un xeito distinto de provocación visual que é utilizado tamén pola muller que presenta Obsession (foto 4.1), publicidade que xoga harmonicamente con todos eses elementos e sensacións. A campaña de Calvin Klein amósanos unha nova Kate Moss que garda un grande parecido físico coa modelo do pintor e coa posta en escena do lenzo: a mesma mirada fixa, entre pícara e inxenua, unha idéntica postura erótica que deixa ao descuberto a parte traseira do corpo e, incluso, a mesma aparencia de corpo delgado e anenado.

Rematamos o noso percorrido polo mundo das artes na década dos anos sesenta e as segundas vangardas, cun amplo abano de tendencias e opcións pictóricas. Dentro da corrente abstracta do informalismo encontramos no Estado Español os traballos de Antoni Tàpies e Modest Cuixart, o op art coas obras de Víctor Vasarely e o



[foto 5] *Antropometría* de Yves Klein
[foto 5.1] Publicidade de Adidas



Cunhas técnicas baseadas en obxectos e desfeitos da sociedade de consumo constrúe os seus famosos monocromos empregando finalmente como cor básica o azul. Como un fiel reflexo dos traballos estéticos de Klein é a campaña de publicidade exterior de Adidas

novo realismo francés con Yves Klein (1928-1962). Deste último destacamos *Antropometría* de 1960 (foto 5) e esa renuncia aos soportes tradicionais nun contexto de *performance*. Cunhas técnicas baseadas en obxectos e desfeitos da sociedade de consumo constrúe os seus famosos monocromos empregando finalmente como cor básica o azul. Nesta obra fai desapa-

recer, a través do rolo, calquera pegada de pincelada entredeixando ver unha estampación conxunta de cinco corpos de fémias espidas por diante enzoufados con IKB (o ton de azul creado polo artista). Como un fiel reflexo dos traballos estéticos de Klein é a campaña de publicidade exterior de Adidas (foto 5.1) no metro de Londres para promocionar a Copa do Mundo de

Rugby 2003. O anuncio retoma as técnicas empregadas por Klein, pero, neste caso, realízanse sobre unhas enormes lonas onde aparecen estampados corpos masculinos, enzoufados de pintura negra, imitando as distintas posicións dos xogadores de rugby.

Isto é tan só unha mostra, neste contexto global, das transferencias que se están a vivir nestes tempos, das mesturas, das interrelacións e as retroalimentacións entre eidos artísticos de natureza moi distinta. A interconexión é imparabile. A publicidade está a buscar novas fontes de inspiración e a arte é unha máis. Neste eclecticismo, ambas colleranse da man en moitas ocasións, compartirán medios, técnicas, linguaxes, soportes e mesmo actores. 6

MEMORIAL DA LIBERDADE

REPRESIÓN E RESISTENCIA
EN GALIZA **1936-1977**

EXPOSICIÓN NO AUDITORIO DE GALICIA. SANTIAGO DE COMPOSTELA
3 DE NOVEMBRO DE 2006 / 31 DE XANEIRO DE 2007

ORGANIZA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dirección Xeral de Creación
e Difusión Cultural



2006 *Ano da*
MEMORIA

COLABORAN



xacobeo



**CONCELLO DE
SANTIAGO**
CONSELLERÍA DE CULTURA



Cando en abril deste ano as redactoras de *Andaina* decidimos dedicarlle o número 45 da revista ás mulleres coñecidas, recoñecidas, pero sobre todo descoñecidas que tamén forman parte da memoria histórica, non pensabamos que o volume de información ía sobrepasar a capacidade da revista. Agora resolvimos incluír parte desta información no dossier ou núcleo temático deste número e editar ao mesmo tempo un libro que recolla exclusivamente os estudos e testemuñas das esquecidas da guerra civil. Aínda que moi tarde no tempo, moitos anos anónimas, sempre paga a pena que as pouquiñas que resisten con nós, vexan recoñecido o seu traballo, a súa loita, a súa dor. A elas e a todas as mulleres revolucionarias que morreron no anonimato adicámoslles esta publicación.

memoria de mulleres libres



Mulleres na guerrilla antifranquista

Consuelo Rodríguez

 AURORA MARCO*

Nun libro publicado en 2004, *Desta banda do Leteu. Artigos de historia cultural, literatura e sociedade desde o esquecemento*, o seu autor, Ernesto Vázquez Souza, di que o povo galego ten, entre outras maldicións, unha especial tendencia ao esquecemento do pasado, próximo ou remoto. Subliña o asombroso que resulta observar a escasa tradición para fixar por escrito os acontecementos, feito a que non resultaría allea a situación xeográfica da fistera galaica, un lugar onde as

lendas situaron un dos ríos do inferno (concretamente na Limia), o Leteu ou río do esquecemento, que facía perder a memoria da vida anterior a quen o atravesaba.

A lenda parece que cobra todo o seu sentido ao falar da historia de moitas mulleres e nomeadamente das que participaron no movemento guerrilleiro dos anos corenta, de que a seguir me ocupo.¹ Durante a longa noite de pedra do franquismo e na Transición, semella que as súas historias de vida atra-

vesaron o Limia e apagaron a memoria histórica, ou o que é o mesmo, a lembranza de tantas historias de vida, historias de represión, de morte, de dor, sumiuse na brétema do esquecemento.

* Universidade de Santiago.

¹ O presente artigo forma parte dunha investigación en curso sobre «A participación das mulleres no movemento guerrilleiro dos anos corenta en Galiza». Por razóns de espazo, o contributo que aquí ofrezco é un resumo dalgún capítulo xa concluído.

A través da recuperación da traxectoria persoal das mulleres que pertenceron ao movemento guerrilleiro e valorizando os espazos ocupados por elas, do que se trata é de as nomear –o que non se nomea, non existe–, visibilizar as súas accións e afirmar e reivindicar un recoñecemento social para encher as moitas páxinas en branco da súa historia. Páxinas non escritas que protagonizaron algunhas galegas, que nos permitirán recuperar as súas voces durmidas, como as que fixo ouvir Dulce Chacón antes da súa morte en *La voz dormida*. Un berro para espertar a desmemoria, que non é boa compañeira de viaxe.

Para elas durante moitos anos só houbo silencio, esquecemento, incompreensión... e non só na lon-

–guerrilleira felizmente viva que mora en Franza desde 1949, a quen dedico este artigo– houbo relacións nadas do amor e máis da afinidade nas ideas, na acción e na vida, como pasou sempre; moitas acabaron en unión definitiva. Mais o respeito dos guerrilleiros sempre existiu porque, a fin de contas, eran unhas compañeiras de loita.

Como é ben sabido, foi sobre todo na etapa da República cando as mulleres se incorporaron á loita política e sindical e participaron en mitins, en actos de propaganda, como integrantes dos órganos de dirección do partido ou sindicato, aínda que foron poucas as que ocuparon cargos, como Dolores Blanco Montes, Presidenta da sociedade de resistencia La Reivindicadora, de Cangas, ou Amparo Lo-

concorreron ás eleicións como candidatas a deputadas: foi o caso de Concepción Alfaya López, natural da zona de Cangas e residente fóra da Galiza, que concorreu ás eleicións a Cortes Constituíntes en 1931 en representación do Partido Republicano Vigüés, integrado na Alianza Republicana; ou Amalia Figueroa Barros, obreira conserveira de Vigo que o fixo nas eleicións a Cortes en novembro de 1933 polo Partido Comunista.

Na verdade, esta etapa trouxo moitos cambios para as mulleres que, após a sublevación militar, retrocederon nas súas conquistas máis de medio século: divorcio, dereito a voto, dereito a seren elixidas para calquer cargo público, matrimonio civil, coeducación nas escolas, participación política... Co

López, «Chelo»

A lenda parece que cobra todo o seu sentido ao falar da historia de moitas mulleres e nomeadamente das que participaron no movemento guerrilleiro dos anos corenta [...]

ga ditadura franquista. Se o inexistente Libro da Memoria das represaliadas após a sublevación de 1936 ten moitas páxinas baleiras e como son elocuente o silencio, para as guerrilleiras houbo, alén dese silencio, tortura moral ao lles negar o recoñecemento do seu compromiso antifranquista e ao facelas pasar non só como *bandoleiras* (igual que os seus compañeiros de loita) senón tamén como as amantes dos guerrilleiros... Como me dicía Consuelo Rodríguez López, *Chelo*

pez Jean, Presidenta da Agrupación Republicana Femenina da Coruña; algunhas acederon aos concellos, como Brígida Muñiz Suárez, labrega do lugar de Triñáns, primeira concelleira de Boiro en 1936, represaliada; outras colaboraron nos órganos de prensa de partidos políticos, como as socialistas Manuela Teresa del Río en *La Lucha*, da Pobra do Caramiñal, e Carmen Parada en *La Hora*, de Pontevedra, ou como Josefina Eiras Rey na cenequista *Solidaridad*. Algunhas mulleres

novo ordenamento xurídico regresaron aos papeis tradicionais porque «la única misión asignada a la mujer en las tareas de la Patria es el hogar», segundo rezaba un comentario editorial en *Arriba* (1939) titulado «Contra feminismo, feminidad». Neste sentido, o movemento de cooperación das mulleres na guerrilla representa tamén, segundo un integrante do movemento guerrilleiro, a loita pola súa liberación: «Estaban loitando tamén por un sistema que rachase con todos os esquemas machistas. A esa conclusión cheguei con outros compañeiros...».²

² Conversa con Francisco Martínez López, *Quico* en Alicante o 21 de xuño de 2006.

[...] foi sobre todo na etapa da República cando as mulleres se incorporaron á loita política e sindical e participaron en mitíns, en actos de propaganda, como integrantes dos órganos de dirección do partido ou sindicato, aínda que foron poucas as que ocuparon cargos [...]



Casa familiar en Soulecín (Barco de Valdeorras), tal como se conserva na actualidade



Chelo en Soulecín, nunha viaxe que fixo desde Franza

Quen foi, por exemplo, Eudoxia (*A Catalina*), integrante da II Agrupación do Ejército Guerrillero de Galicia?; que se sabe das lucenses Josefa Escourido Cobo e Celia González Pernas, guerrilleiras que morreron nun enfrontamento coa Garda Civil en Forcón, parroquia de Silán, termo municipal de Muras (Lugo) o 21 de xuño de 1949,

Cando estourou a guerra, moitas pasaron a ser obxecto de persecución, estivesen ou non vencelladas a partidos políticos, porque a consigna era golpear con saña, con ira, con crueldade contra todas as persoas desafectas ao Movemento. Aquel parágrafo da circular de Mola, de abril de 1936, cumpriuse de forma taxativa: «Se tendrá en cuenta que la acción ha de ser en extremo violenta para reducir lo antes posible al enemigo, que es fuerte y bien organizado [...] aplicándose castigos ejemplares para estrangular los movimientos de rebeldía...».³ Destarte chegou para as mulleres o cárcere, o desterro, a depuración profesional, os paseos, as multas, as requisas, a violencia física e moral, o exilio, a morte...

Nos últimos anos a bibliografía sobre o guerrilla en Galiza aumentou considerabelmente; tamén

se realizaron valiosos documentais, materiais bibliográficos e audiovisuais que permiten ter unha visión deste movemento e permite así mesmo outorgar a algúns dos seus protagonistas o seu lugar na historia da resistencia antifranquista.⁴ Mais recuperar a memoria das galegas vencelladas á guerrilla resulta abondo dificultoso. Nestes traballos recentes hai nomes de mulleres (por veces sen apelidos, o que dificulta a investigación), datas de encarceramento e/ou fusilamento, alusión ás causas e consellos de guerra... Mais, excepción feita de Enriqueta Otero Blanco, *María Dolores* e de Manuela Sánchez,⁵ non hai como no caso dos guerrilleiros monografías, traballos específicos sobre elas, por ese exercicio de ocultamento, ben coñecido, que excluíu ás mulleres da historia. E hai un baleiro informativo sorprendente:

³ MÁIZ VÁZQUEZ, B.: *Resistencia, guerrilla e represión*, A Nosa Terra, 2004, p. 18.

⁴ Nos últimos anos publicáronse libros e/ou capítulos de libros sobre Benigno Andrade, *Foucellas*; Xosé Castro Veiga, *Piloto*; Mario Rodríguez Losada, *Mario de Langullo* ou *O Pinche*, as Memorias do *Fresco*; abundante información sobre a guerrilla en xeral e sobre moitos dos seus protagonistas en particular (Antón Seoane Ramos, *Julián*; Xosé Gómez Gayoso, *López*; Manuel Ponte; Francisco Martínez Leira, *Pancho*; Luis Trigo Chao, *Gardarrios...*); entrevistas cos aínda vivos (na actualidade xa morreron algúns dos que cito) Francisco Rey Balbís, *Moncho*; Francisco Martínez López, *Quico*; César Ríos, Mario Morán, Marcelino Fernández Villanueva, *O Gafas*, por citar algúns nomes.

⁵ Enriqueta Otero non é unha descoñecida, como acontece con moitas mulleres vencelladas á guerrilla. Hai bastantes traballos sobre ela: o derradeiro, o libro de Ángel Rodríguez Gallardo, *Letras armadas: as vidas de Enriqueta Otero Blanco* (2005). A xesta

xunto cos tamén guerrilleiros Juan Gallego Abeledo, Juan Pérez Dopico e José Pedreira de la Iglesia?; que dados existen para podermos recuperar información sobre Carmen Temprano Salorio, da IV Agrupación do Ejército Guerrillero de Galicia, que morreu nun enfrontamento coa Garda Civil tras intenso tiroteo o 5 de marzo de 1949 en Zás, Negreira? Apenas sabemos nada de Antonia Díaz Pérez, que caeu nunha ciada da brigada de Viveiro co seu compañeiro, Luis Trigo Chao, *Gardarríos*, o 25 de xu-



Montes de Casaio, onde estivo a *Cidade da Selva*



Arcadio Ríos, da Federación de Guerrillas León-Galicia

ño de 1948 en Vilanova de Lourenzá (Lugo). Nesta altura da investigación, xa comezan a desvelarse algúns dados sobre algunhas das guerrilleiras citadas mais é un labor paciente e case detectivesco.

Cumpre, así, unha investigación demorada sobre todas as que andiveron na guerrilla do monte ou na da chaira. E cumpre tamén, e en primeiro lugar, restituír o seu nome: foron guerrilleiras, non *bandoleiros* (así, en masculino):

En un encuentro sostenido por fuerzas de la Guardia Civil en Forcón, término municipal de Muras (Lugo), resultaron muertos los bandoleros Manuel [sic] Gallego Abeledo,⁶ Juan Pérez Dopico, Celia González Pernas, José Pedreira de la Iglesia y Josefa Escourido Cobo.⁷

De la región hay pocas noticias aunque algunas de importancia. En Zás, cinco bandoleros fueron muertos en lucha con la Guardia Civil: un guardia resultó herido.⁸

Aquel Decreto-Lei sobre «Bandidaje y Terrorismo», publicado o 18 de abril de 1947, identificounos desta maneira: bandoleiros, ladróns, foraxidos e así ficaron nos arquivos, nos informes oficiais, nas noticias dos xornais... Longa etapa de desfigurar a realidade, de desvirtuala. Foi o 17 de maio de 2001 cando se aprobou por unanimidade no Congreso dos Deputados a moción de rehabilitación da guerrilla antifranquista. Como reitera Francisco Martínez López, *Quico*, da Federación de Guerrillas León-Galicia, «non éramos bandoleiros, senón xente disposta a morrer polos seus ideais democráticos».

Da importancia da participación feminina neste movemento teñen falado os seus compañeiros de loita en diversas entrevistas realizadas. Referireime aos testemuños de dous guerrilleiros aínda vivos.

Francisco Rey Balbís, *Moncho* (que mora na Habana desde 1964) é moi explícito a este respecto:

Non teño datos precisos pero atreveríame a afirmar que máis do corenta por cento da nosa guerrilla eran mulleres. Enténdase: non como guerrilleiras permanentes no monte, pero sí no resto das actividades, como enlaces, como colaboradoras en diferentes trafegos. A muller galega tivo unha presenza moi activa na nosa loita: e en boa medida a ela débemoslle a sobrevivencia da guerrilla. Nos abastecementos, na propaganda,

nas tarefas de intelixencia, na desinformación ao enemigo, no aseguramento de puntos de apoio, na función de enlaces... En todo.⁹

Da mesma opinión participa Francisco Martínez López, *Quico*, autor de *Guerrilleiro contra Franco* (2006). Na entrevista antes citada dicíame:

heroica de Manuela Sánchez (ou mellor dito, Manuela López, segundo Francisco González Vidal) foi lembrada por Lorenzo Varela no poema «Pomba, ponla, mai, señora» do libro *Lonxe* (1954) e por Luís Seoane nunha audición radial de *Galicia Emigrante* en 1958: labrega de 53 anos, de San Vicente de Carres (Curtis), da familia dos Chintos, cuxa casa sempre foi punto de apoio seguro para a guerrilla, o 4 de marzo de 1948, por salvar os guerrilleiros, fixo fronte cun só fusil á Garda Civil e morreu naquel combate xunto con tres membros da súa familia e un guerrilleiro.

⁶ O nome é Juan, non Manuel.

⁷ Causa instruída con motivo de la muerte de Juan Gallego Abeledo y cuatro más en enfrentamiento con Fuerzas de la Guardia Civil el 21 de Junio de 1949 en Forcón, término municipal de Muras (Lugo).

⁸ «Del día», en *La Voz de Galicia*, 8 de marzo de 1949, p. 1. Das cinco persoas mortas, dúas eran mulleres.

⁹ Entrevista con Xosé Neira Vilas que figura no seu libro *Guerrilleiros*, Sada, A Coruña, Edicións do Castro, 1992, p. 41.



Con Francisco Martínez López, *Quiico* en Obrero (León)

Consuelo comezou a «comprender e a falar», segundo me dixo, a raíz das visitas que o mestre da aldea, comunista, facía á súa casa para conversar cos irmáns máis vellos. Era no tempo da República

Eu non sería ninguén, non tería ningunha razón de explicar as miñas vivencias na guerrilla se non é co soporte de todas estas mulleres de que che falei, elemento básico, columna vertebral para o noso movemento... e, infelizmente, como a historia se escribe en masculino, moitas veces esta

realidade pasa de longo... O seu papel explícase obxectivamente polas condicións sociais que había en España: o peso fundamental do traballo de clandestinidade levábano elas porque eran as que estaban na casa... Executaban o máximo de traballos de enlace: alén do asistencial (roupa, la-

vado, comida, provisión de medicinas...) establecían contactos con outros enlaces, distribuían propaganda, avisaban das zonas de perigo, trasladaban armas, cartas, abrían novas casas...

Houbo moitas mulleres implicadas no movemento guerrilleiro, sobre todo como enlaces e colaboradoras en numerosas aldeas e vilas de Galiza –este foi un movemento de base fundamentalmente popular–, son as *guerrilleiras da chaira*. Mais tamén, embora fose en menor medida porque a súa actividade como enlaces era máis proveitosa, segundo Consuelo Rodríguez, como integrantes activas de destacamentos ou agrupacións da Federación de Guerrillas León-Galicia (fundada en 1942) ou do Ejército Guerrillero de Galicia (1944): son as *guerrilleiras con fusil* ou *guerrilleiras do monte*, que sabían manexar armas, obviamente, e participaron en enfrontamentos coas forzas represivas. Algunhas morreron en combate. Das que estiveron no monte e sobre as que teño investigado, que se iniciaron como enlaces, penso que as únicas vivas hoxe son Antonia e Consuelo Rodríguez López, de oitenta e tres e oitenta e sete anos, que viven en Franza desde 1948 e 1949 respectivamente.

Consuelo Rodríguez López, Chelo

Nesta altura poderían ser obxecto de lembranza un grupo considerábel de guerrilleiras mais voume referir neste artigo a Consuelo Rodríguez López, *Chelo*, da familia dos Soulecíns, por varias razóns: ela reúne a dupla condición de guerrilleira da chaira e do monte; sofreu, como poucas, as consecuencias do seu posicionamento, das súas actividades –como o resto da familia, por outra parte– e hai unha razón de máis peso: como xa adiantei, está viva e as notas que

aquí se presentan son transcripción fiel do que me contou hai tres meses, cando me entrevistei con ela en Île de Ré, onde vive desde hai trinta e cinco anos.

Naceu en Soulecín, parroquia de Santigoso (Barco de Valdeorras) o 18 de outubro de 1919, no seo dunha familia humilde que, a forza de moito traballo e da emigración do pai a Cuba, conseguiu ser unha das de maior capital da aldea. Do matrimonio formado por

os horrores da guerra e a represión que houbo na posguerra, dos nove membros da familia só sobrevivirían tres.

Consuelo comezou a «comprender e a falar», segundo me dixo, a raíz das visitas que o mestre da aldea, comunista, facía á súa casa para conversar cos irmáns máis vellos. Era no tempo da República. Ela tamén lembrou a asistencia a manifestacións republicanas coas súas amigas Engracia e Fe, feitos

ducir as cabras no pastoreo. Non asistía á escola máis que o día dedicado á costura e o bordado; tampouco aprendeu a ler e a escribir: faríao anos máis tarde cando estivo na guerrilla do monte. Cando estourou a guerra, o seu irmán Rogelio foi chamado a filas e tivo que se incorporar ao bando sublevado na fronte de Oviedo. Alí pasou ás filas do Exército Popular republicano até a caída de Asturias en outubro de 1937. Regresou ao lar familiar e ocultouse na casa, mentres se lle deu por morto na fronte. Pola súa parte, Sebastián foi chamado tamén polo exército franquista, resultou ferido na fronte do Ebro, voltou á casa cun permiso e tamén se ocultou no domicilio familiar. Aquela circunstancia foi a desencadeante do que aconteceu o 30 de xaneiro de 1939: cando a Garda Civil chegou a Soulecín para buscar a Sebastián, rexistrou a casa e encontrou a Rogelio que crían morto. Produciuse un tiroteo e morreu o garda Joaquín Seoane e foi ferido nunha man Jesús Rodríguez Polo. Os dous irmáns fuxiron ao monte e entraron en contacto coa guerrilla.

A partir deste momento sucedéronse os feitos na familia dos Soulecíns: cárcere para pai, nai e para Chelo; máis tarde para Antonia; a casa precintada, o gando subastado, os irmáns pequenos recollidos en casas de veciños e familiares. No cárcere do Barco de Valdeorras (ao que Chelo voltaría dúas veces máis) permaneceron uns meses e á saída a casa de Soulecín pasou a ser acobillo da guerrilla. Por alí pasaron moitísimos guerrilleiros, todos os membros da familia eran enlaces. A Garda Civil sabíao e vixiaba día e noite. O 18 de outubro de 1939, o mesmo día que Chelo cumpría vinte anos, presentouse en Soulecín un contingente de forzas do I Terzo da III Bandeira da Lexión co seu capitán



Co seu home Marino Montes

[...] sucedéronse os feitos na familia dos Soulecíns: cárcere para pai, nai e para Chelo; máis tarde para Antonia; a casa precintada, o gando subastado, os irmáns pequenos recollidos en casas de veciños e familiares

Domingo Rodríguez Fernández e Amalia López Ojea naceron sete criaturas e unha nena que morreu ao nacer: Francisco, Rogelio, Sebastián, Alfonso e Consuelo (xémeos), Antonia e Domingo. Tras

que foron espertando naquela moza certas inquietudes e asimilando ideas... porque na infancia apenas recibeu instrución. Por ser a máis vella das dúas irmás tiña que axudar á nai nos labores da casa e con-

á fronte, Sergio Peñamaría del Rosario. Despois de entrar no cuarto do matrimonio que estaba na cama, mallaron neles até que se cansaron; aos fillos máis pequenos metéronos na cuadra coas ovellas e, unha vez reunidas todas as xentes da aldea na eira que hai diante da casa, e para escarmento xeral, conduciron á parella a un camiño próximo, á paraxe coñecida polo nome de Sampaio, asasináronos e no mesmo lugar ficaron enterrados. Alí seguen, no mesmo camiño, só que agora unha lápida que puxo o concello do Barco hai dous anos lembra aquel horribel crime:

rentes lugares e datas: Rogelio foi fusilado en outubro de 1941 en Ourense, despois de ser trasladado desde Oporto, ferido, onde fora detido; Sebastián caeu en Borruga en 1942, a consecuencia dunha bala perdida dun compañeiro da guerrilla; Domingo, o máis pequeno, morreu en decembro de 1946 en Soulecín, e a man que lanzou as dúas bombas que acabaron coa súa vida era a dun amigo vendido aos falanxistas; Alfonso caeu en Otero (León) en 1949, nunha emboscada da Garda Civil.

Chelo e Antonia foron as únicas superviventes xunto co irmán máis

xa tiña relación co que foi o home da súa vida, o comunista Arcadio Ríos, da Federación de Guerrillas León-Galicia.

Intercalo a palabra directa de Chelo neste relato, apresurado, da súa vida:

Eu fun enlace desde que os meus irmáns marcharon ao monte, en xaneiro do 39. A nosa casa sempre estivo aberta aos guerrilleiros. Chamábanlle *A Fortaleza*. Foi unha casa de resistencia. Mais a Fortaleza derrubárona... Despois de facer de enlace durante todos estes anos, e ante o perigo que se aveciñaba á saída do cárcere de León, por causa de un enlace noso ter perdida unha carta de cuxa lectura se desprendía que estábamos na casa fa-



Na súa casa en Île de Ré (xuño de 2006)

Aquí xacen Domingo Rodríguez e Amalia López, cidadáns e pais exemplares fusilados polo franquismo o 28 [sic, é o 18] -10-39. Soulecín e Valdeorras non vos esquecen. 10-7-2004.

Aquela morte sin sentido da parella de labregos foi un golpe brutal para a familia. Como Rogelio e Sebastián, tamén Alfonso e Domingo acabarían marchando ao monte para integrarse na guerrilla. Ningún dos catro irmáns sobreviviu. En circunstancias distintas, os catro loitadores antifranquistas de Soulecín foron caendo en dife-

vello, Francisco, casado en Salas de Ribera, que axudou aos irmáns mais nunca estivo na guerrilla. As dúas irmás, sufreron vixianza constante, persecución, estiveron no cárcere no Barco, en Ponferrada, en diferentes momentos e, en 1945, tras a caída de Columbrianos e o descubrimento de moitas casas de apoio e dos/as enlaces, foron parar ao cárcere en León. Á saída, diante do perigo que corrían, marcharon ao monte e estiveron sobre todo na chamada *Cidade da Selva*, nos vales de Casaio. Desde 1942 ela

miliar, marchei coa miña irmá ao monte. Fomos directamente a Ricosende. Nesta aldea e en Soutadoiro e Casaio todas as casas eran nosas. Desde alí marchamos con Arcadio aos vales de Casaio e xa nos encontramos cos nosos irmáns, Domingo e Alfonso. Enteirámonos que ao día seguinte da nosa partida, a casa aparecera cercada pola Garda Civil. De Ricosende fomos ás Morteiras, onde estaban os chozos. Alí encontramos a Girón, Alida, A Chata, Hilario, Parra... Integrámonos na guerrilla do monte, porque xa estábamos na da chaira, coas armas e loitando como eles. Eu aprendín a manexar armas. Houbo mulleres que non a quixeron (Alida,

Antonia, A Chata). Eu sempre quixen a pistola. Arcadio ensinoume a tirar nunhas pradeiras que había por alí. Participei nalgúns combates cos meus compañeiros. Lembro un entre o río das Morteiras e o da Bruña, non houbo baixas. Tampouco as houbo noutro en que tamén intervín na Bruña... A Garda Civil sabía que estábamos alí pero non se atrevían a ir. Sabían que as xentes das aldeas próximas estaban con nós e, ao menor movemento, mandaban aviso. Para entrar naquel lugar tiñan que pensalo máis dunha vez porque ao mellor entraban pero non sabían se sairían vivos. Dos vales íamos aos picos máis altos. Había un que lle chamábase *O Parapeto*, un pico estratéxico desde onde se facía a garda... Alí tiña O Inca o seu chozo, para el só, aínda que

bastián, coa pistola como única documentación. Un día viñéronme buscar ás 11 da noite e estivemos nunha motora até as seis da mañá. Trasláronme a Hendaya e alí me deixaron nunha rocha desde a que comecei a subir a montaña para me encontrar cos compañeiros que estaban arriba. Cando ía pola metade, caín rodando e tiña sangue por todas partes: pernas, mans... Tenteino de novo e cheguei arriba. O que me estaba agardando díxome: «Felicítóche, porque se é a miña compañeira xa non se ergue». Ao que respondín: «Se a túa trouxera un regueiro de sangue como traio eu desde Galiza, ben que se levantaría...». Ao pisar terra francesa pensei: teño a liberdade e non sei para que a quero se deixo todo atrás...

lle, onde morreu o seu home en 1989. Chelo non quer saír deste lugar. En París moran os dous fillos, os dous netos e unha bisneta. Vive cunha grande austeridade nunha casa pequena e acolledora, apartada de La Flotte, a vila máis próxima, uns dous quilómetros.

Aínda que está ben de saúde, manifestou ser esta a derradeira entrevista que concede porque a lembranza destes feitos alteraron o seu sono os tres días que convivín con ela, fixeron aflorar as emocións e á súa idade, dixo, estas lembranzas fanlle o mesmo dano que cando se produciron os tráxicos acontecementos que aquí, someramente, referín. Muller de carácter forte, e á vez agarimosa, disciplinada, segue con paixón todo o que ten a ver coa rehabilitación dos protagonistas da guerrilla. Ao lle preguntar que significou para ela este movemento manifestou:

Queríamos a liberdade e loitábase contra Franco. Eu estaba disposta a dar a miña vida polos compañeiros. Éramos como irmáns, como unha familia unida: a onde ían os compañeiros, ía eu e, se ían á morte, eu ía con eles. Por iso non admito nen nos libros, nen na historia, en ningunha parte que se diga de nós que éramos unhas putas. Iso o dicían os fascistas e a Garda Civil. ☞



unha noite durmimos Antonia, César e máis eu.

No monte estiven até que mataron a Arcadio (xullo de 1946) cando foi o do Congreso de Unificación... Aquel tiro que acabou coa súa vida, tamén me traspasou a min. Tiveron que quitarme a pistola porque eu non quería seguir vivindo. Leváronme por varios sitios: Correxais, Carracedo (á casa do inglés Alexander Easton), despois a Berlanga e finalmente Madrid, onde estiven arredor de ano e medio agachada en casa dunha viúva con dous fillos, Josefa, a quen lle mataron o home. A través duns enlaces e despois de recibir unha carta do meu cuñado, César Ríos, cheguei a San Se-

Isto acontecía en 1949, despois de tres anos de permanecer na clandestinidade. Tras unha estada breve en Guéthary,¹⁰ onde gañaba a vida traballando nunha horta en casa dunha refuxiada política e no servizo doméstico, marchou a París con Antonia. Alí coñeceu a Marino Montes, guerrilleiro asturiano que chegara cun numeroso grupo o ano anterior, e con el casou en 1953. A parella comezou a construír a vida de novo. Desde hai trinta e cinco anos vive en Île de Ré, fermosa illa face a La Roche-

¹⁰ En Guéthary vivía a súa irmá e o seu compañeiro, César Ríos, irmán de Arcadio, o home de Chelo ao que mataron en Casaio. Partiran de Luanco o 22 de outubro de 1948 e chegaron dous días máis tarde a Saint Jean de Luz, con vinteseis guerrilleiros.

Memoria de mulleres libres*

 CARMEN BLANCO

O amor é indestrutible

Juana Capdevielle, fuches o máis fermoso da miña vida. Onde estea e mentres poida pensar, pensarei en ti. Será como se estivésemos xuntos. Deixáchesme dito na noite do vinte e catro de xullo de 1936 antes de que te matasen.

Paco Pérez Carballo, fuches o máis fermoso da miña vida. Onde estea e mentres poida pensar, pensarei en ti. Será como se estivése-

mos xuntos. Dígoche na noite do dezaioito de agosto de 1936 antes de que me maten. E penso: quitarán a vida, mais non me quitarán o amor porque o amor é indestrutible.

O mantón da mestra

No outono de 1938 Mercedes Romero Abella, moza mestra de Monelos, cando tiña xa todo preparado para fuxir ao exilio, despois

de ser fusilado o seu home, foi separada dos seus dous pequenos fillos na súa casa da Coruña por uns homes de escuro para ser paseada e finalmente arrebolado o seu corpo desde a ponte da Castellana ao río Mandeo. Antes de que se des-

* Este texto forma parte do libro inédito de Carmen Blanco *Atracción total*, a piques de saír do prelo.



Juana Capdevielle



Francisco Pérez Carballo

[...] fuches o máis fermoso da miña vida. Onde estea e mentres poida pensar, pensarei en ti. Será como se estivésemos xuntos

cubrixe o cadáver, na Costa do Sal apareceu o seu mantón de loito ensanguentado. A súa irmá política foi recollelo e acudiu á comisaría de policía para preguntar por ela. Ante a resposta cómplice de que non sabían alí nada dela tiroulles aos pés o mantón da mestra como viva lección de dignidade que sobreviviría nos seus fillos orfos.

As tres Mariás

Entre as pedras que máis amo pisar e aínda paseo están as da vella Compostela antiga. Cando as piso paseando pasades vós, as tres Mariás, miñas mulleres da irmandade anarquista dos Fandiño, que sabedes, por amor, da loita libertaria, do exilio, do cárcere, do maltrato, da tortura e da morte provocada polo fascismo. E con vós pasa e queda para sempre en Compostela o arco da vella da vida multicolor que levades nos vosos corpos, co branco da vosa alba inocencia e o negro da acracia que nace no máis vermello do voso corazón.

Pensamos con infinita esperanza no por vir

Son Elvira Bao. Son Urania Mella. Humíllannos mandándonos limpar as letrinas do cárcere. Non

nos importa. Este traballo iguálanos a todas as mulleres humildes do mundo. E mentres o facemos pensamos con infinita esperanza no por vir.

Unha muller libre é casa aberta

Unha muller libre é casa aberta. Unha obreira metalúrxica da CNT é refuxio de fuxidos. Unha libertaria ten casoupa solidaria en Cea. Pilar Fernández Seixas de Trabanca foi todo isto. Foi libre, foi proletaria, foi libertaria, foi refuxio e foi casoupa solidaria. Foi asasinada en febreiro de 1937. Foi casa queimada con cenetistas dentro en febreiro de 1937. Como queda o seu nome para a memoria do amor, quedan tamén os nomes dos homes da súa solidariedade. Rodrigo Berruete, Antonio Saianes e Manuel Limeres, asasinados. As mulleres libres somos e seremos sempre casa aberta.

Casas anarquistas

Cando se ergueu o terror de 1936 mulleres anarquistas combaterono na rúa e morreron. Cando o terror se impuxo mulleres anarquistas fuxiron aos montes libres para seguir combaténdo. Cando o terror continuou compañeiras

de anarquistas asasinados, nais de anarquistas asasinados, mulleres de anarquistas presos, nais de anarquistas exiliados, irmás de anarquistas, fillas de anarquistas, mulleres de familias anarquistas e mulleres militantes anarquistas abriron nos lugares amados de Galicia nos que vivían as súas casas anarquistas de acollida para libertarios e esquerdistas. A maioría pagouno coa súa vida. Moitas coa detención e o cárcere. E unha minoría coa fuxida e a clandestinidade. Levamos as súas casas anarquistas dentro.

Unha rapada da represión

Son unha rapada da represión. Fun humillada e vou marcada. Non me importa. Nada disto me penetra. Estou viva. Acariño o meu cráneo cos seus pensamentos libertarios intactos e saio á rúa orgullosa do meu rapado. Eles cortáronme o pelo pero eu reafirmeime aínda máis na miña personalidade absolutamente libre.

Sebastiana era unha compañeira boa, valente, seria e abnegada. Foi integrante do grupo Vanguardia Femenina da FAI coruñesa e fundadora da sección local de Mujeres Libres



Sebastiana Vitales Gascón

Guerrilleiras nos Ancares

Consuelo Alba Digón e as súas fillas Florinda e Domitila Gutiérrez Alba de Cervantes, valentes e resistentes á represión e ao acoso fascista, foron mulleres libres no monte. Guerrilleiras nos Ancares.

Nin deus nin dono

Nin deus nin dono. A igrexa que máis ilumina é a igrexa ardendo. Carmen Lage Dapena foi acusada da queima do convento de San Francisco en Betanzos en 1936. Tivo que fugarse e permanecer en paradiro descoñecido.

A vangarda de Mulleres Libres

Sebastiana Vitales Gascón foi unha aragonesa que emigrou aos Estados Unidos onde adoptou o

ideario anarquista cando participou na Colonia Francisco Ferrer de Stelton (Nova Jersey) xunto ao seu compañeiro, o fisterrán Francisco Ballón Pequeño. De volta da emigración instalouse na Coruña e integrouse na FAI, onde levou unha grande actividade e destacou como oradora nos numerosos actos libertarios dos anos finais da República que a levaron a falar en lugares como Cabovilaño, Vilagarcía, Viveiro, Elviña, Sada, Irixoa, Betanzos ou A Coruña. En decembro de 1935 acompañou a Federica Montseny ao mitin que esta pronunciou en Betanzos. Federica deixou dito nas súas impresións dunha viaxe por Galicia, publicadas en *La Revista Blanca*, que Sebastiana era unha compañeira boa, valente, seria e abnegada. Foi integrante do

grupo Vanguardia Femenina da FAI coruñesa e fundadora da sección local de Mujeres Libres na primavera de 1936. Ao comezar a guerra civil o seu compañeiro foi paseado e ela acolleu na súa casa persoas perseguidas, polo que foi detida e estivo unha tempada en prisión. Ao saír do cárcere andivo agachada dous anos, nos que sobreviviu primeiro levando pan branco desde Sada á Coruña e logo vendendo froita nas minas de wolfram de Augalada (Coristanco) para o que camiñaba diariamente catorce quilómetros coa súa filla Luz. Aquela foi unha época durísima na que pasou moita fame, mais, aínda así, sempre que podía leváballes alimentos aos presos. En 1954 decidiu marchar a Venezuela coas súas dúas fillas e alí mantivo contactos co profesor de orixe galega Ángel Rama, co anarquista catalán Germinal Gracia Ibars e co grupo editor da revista *Ruta*, do que o catalán era un dos animadores principais. Morreu no exilio no ano 2000. Con ela e por ela e con outras coma ela houbo en Galicia Vanguardia Femenina e Mujeres Libres. Co acoso fascista sobre ela e sobre outras coma ela perdemos en Galicia a vangarda das mulleres libres. Logo o seu renacer sería difícil e serodio. Mais hoxe outra vangarda de mulleres libres continúa. ☐

PUBLICIDADE

Librería

Michelena

R. Michelena, 22
Tel: 85 87 46 Pontevedra

librería
couceiro

R. República de el Salvador, 9
Tel: 56 58 12 Santiago

CARTELES

Café

Rúa do Sol, 139-141
Tel: 35 31 66 Ferrol



Entrevista a

Lola Rodal Blanco

LAURA GÓMEZ LORENZO

Lola Rodal, máis coñecida na súa vila natal de Cangas por *a de Blanco*, en referencia ao sinalado compromiso social e político dos seus parentes maternos, conserva unha vívida e detallada memoria dos sucesos da súa adolescencia na guerra civil, da represión fascista da que a súa familia foi obxecto. Filla de dous destacados activistas nas loitas

proletarias que antecederon e continuaron na República, apenas fala de si, a súa propia historia queda eclipsada polo sufrimento dos seus, que ao cabo convértese en sufrimento propio. Agradecemoslle fundamentalmente o seu doloroso testemuño oral, de gran valor na recuperación da memoria colectiva.

Meus familiares os outros [os Blanco] estiveron todos presos, cando foi de outubro. Eramos unha familia destacada no sentido do que se defendía. A familia dos Blancos en Cangas foi considerada do peor



Dolores Blanco e José Rodal

A. Dona Lola, cantos anos ten?, cantos eran de familia e en que lugar viña vostede respecto dos seus irmáns?

LR. Teño 85 anos, vou camiño de 86, nacín en 1921. Aquí recordo a criármonos catro irmáns. O maior estaba no servizo militar en Cartagena cando estourou a guerra, faltábanlle catro meses para cumprir, outro que tiña daquela 18 anos e que mo mataron, eu con 15 e miña irmá de 13.

A. Que lembranza conserva da vida familiar na súa primeira infancia?

LR. Cando era nena crieime coma todos os rapaces. Viviamos aquí nesta casa na que estamos, aquí nacemos, aquí nos criamos. Meu pai andaba no mar, miña nai pasaba redes, era atadora e máis que nada traballaba na conserva.

Eles eran persoas destacadas, buscaban o ben de todos, porque hai setenta anos aquí era unha escravitude, os mariñeiros non tiñan dereito a nada, non podían protestar por nada, ata que se asociaron na Alianza Mariñeira, en Moaña xa foi antes que en Cangas. Os que se destacaban estaban mal vistos por os patróns, é o que pasa, e con loitas e prendéndoos, boicoteándoos e non deixándoos ir ao mar..., se había unha folga, aos primeiros que botaban man xa era a eles. Despois de anos, as atadoras, as que remendaban as redes e as conserveiras tamén se quixeron asociar, así tiñan máis forza, porque antes era un abuso, sabes?, abusaban das mozas... Tiñan que estar asociadas con eles para ter forza. De aí lles veu a xenreira. Puxeron un rapaz que viña de Bos Aires de presidente, el quedou espantado de tanta ignominia como soportaban as mulleres nas fábricas, e foi quen as

animou, miña nai era unha das cabecillas.¹ Ese rapaz foi a primeira vítima de Cangas.

E así ía a vida, meu irmán máis vello, marchou para o servizo, o outro, o que me mataron, saía co meu pai ao mar.

Cando había calquera cousa, mamá, presa. Meu pai xa estivo escapado na Revolución de outubro [1910]. Viñeron os gardas de asalto cachear a casa, meu pai escondeuse no faiado e cando marcharon os gardas escapou, foi para unha aldea, para a casa dunha tía miña, estivo alá escondido. Despois de moitos días marcharon nunha lancha e tivo o desterro todo en Tui, na casa dun tío que tiña alí. Andaba vestido cun mono, como quen que era empregado da compañía que daba a luz á ponte internacional, porque seu tío andaba a ese oficio e meu pai ía con el. Entregouse cando rematou a revolución, e non pasou nada.

Meus familiares os outros [os Blanco] estiveron todos presos, cando foi de outubro. Eramos unha familia destacada no sentido do que se defendía. A familia dos Blancos en Cangas foi considerada do peor.

A. Como se desenvolveu a súa instrución, foi a algunha escola? Ata que anos?

LR. Fun á escola ata os 14 anos, deixei de ir porque me expulsaron; meu irmán máis vello, ata os 15, o outro ata os 14. Á escola fomos sempre, por-

¹ O seu pai, da UGT, foi presidente da Alianza Mariñeira en 1934, en 1936 estaba afiliado á CNT; a súa nai era presidenta polas conserveiras da sección de mulleres da Alianza, A Reivindicadora.

que meus pais sempre nos mandaron ir. Meu pai nunca me dixo que fose á igrexa nin á misa, nós iamos con miña nai, porque daquela se non ías estabas mal vista, pero miña nai non era unha fanática, só que non quería que falasen de nós. Mais meu pai tampouco nos dicía de non ir, «cando exades maiores xa comprenderedes o que isto é».

A. Que aconteceu na súa familia co golpe militar do ano 1936?

LR. Había movemento desde o día 18, en Ferrol, aquí, alá... O 21 comezaron a meter xente nunhas bodegas que había no cuartel. Estabamos facendo a comida e papá tardaba, tardaba... ata que soubemos que o prenderan. Metérono aí, na Casa do Mar que era o Instituto Mariñeiro. Os primeiros días aquí non houbo nada, a Xestora entregouse. Meu pai era concelleiro pola Alianza. Prenderon máis de corenta persoas. Daquela os barcos estaban preparados e cheos de gasóleo para ir ao bonito, papá dicíalle ao alcalde, que era de Santiago, Jorge Echeverri, «non che dicía eu que nos escapáramos, que iamos a Portugal nos barcos?», e dicíalle Echeverri, «pero por que?, non nos entregamos?, non levantaron acta no concello?», «pero ti non sabes quen é esta xente –dicía papá–».

Eses días houbera algo de revolta, viña xente de Marín e de Pontevedra a Cangas, falanxistas e gar-

das civís. Desde o concello avisaran tamén ao pobo para que puidese defenderse, mais con que?, que non tiñan armas, non tiñan nada. Daquela non había radio nin televisión nas casas, o alcalde era socio do Casino e alí había radio. Desde o 19 xa se estaba pendente das noticias. Tamén había quen estaba no medio da xente mirando quen dicía que, quen falaba, quen se declaraba a favor da República.

Mamá e mais eu e a miña irmá iamos levarlle a papá a comida, esperando ver en que paraba aquilo, todo estaba rodeado de falanxistas.

Unha noite, meu irmán máis novo, o que me mataron, estaba no mar, papá estaba preso e nós, aquí na casa, era o 9 de agosto. Ás tres da mañá petaron na porta, pum, pum, pum... Eles puxeran toque de queda, era un verán de moita calor, ás 9 da noite todo quedaba pechado, a xente non podía andar pola rúa, non sendo pescadores que saían ao mar ou as persoas que ían traballar a Vigo. Portas e ventás das casas, todo pechado, ata o outro día, xa enseguida petaban, pum, pum, pum, «¡esa luz!, ¡esa luz!». Era horrible, mais a xente non tiña conciencia do que viña detrás.

Mamá baixou; como seguían petando baixou co camión de durmir, botou un mandilón por enriba e ata non puxo nin zapatillas, baixou así polas escaileiras, pensando que nos ían dar razón de papá. Di-



xéronlle «¿aquí no es la casa de Rodal?», «si... —dixo mamá—», «¿usted es la mujer?», «si...», «¿pues venga!». E dixo mamá «por favor, déixenme ir vestir», «no, no, no, es para una declaración, así ya vale». Nós quedamos na casa, como non se podía saír á rúa de noite..., as veciñas aínda que oísen petar non saían. Ela xa desconfiou que ía para mala cousa.

Alí na praciña que hai onda o edificio no que estaba preso papá virou un coche, estaban con ela dous gardas civís e mais un falanxista, dixerónlle «¡embarque!». Dentro do coche había unha rapaza nova. Mamá choraba, e díxolle a moza, «non chore, señora, por que chora?», «como non vou chorar, miña filla!, ti cres que nos levan para boa cousa? —dixo mamá—». E a rapaza, «pois a min trouxéronme desde Marín e non me fixeron dano». Mamá tiña 52 anos, xa era unha persoa maior.

Ao virar o coche dixo para o sitio onde estaba papá, «adiós compañeiro». Papá estaba durmido e non o oíu, mais oíuno outro preso e díxollo: «esta noite oín a voz dunha muller que dicía isto...».

Polo camiño dano non lles fixeron, mais aldraxábanas con mil cousas, ían bébedos. Antes de chegar ao matadoiro vello de Marín, naquela volta, hai

Despois de anos, as atadoras, as que remendaban as redes e as conserveiras tamén se quixeron asociar, así tiñan máis forza, porque antes era un abuso, sabes?, abusaban das mozas...

favor, dejadlas en paz!», polas porcalladas que lles dicían. Entón, mentres mamá subía polo monte sentiu unha descarga e o berro da compañeira. Ela díxolle ao garda, «Ai, Dios mío!», e o garda, «yo no puedo hacer nada, usted márchese, usted no se vuelva a presentar más en Cangas».

El disparoulle ao brazo, a bala atravesoulle a carne da parte de arriba del, entrou e saíu, non lle quedou dentro. Mamá co disparo caeu, os outros marcharon. Ela cando volveu en si, viuse sangrando do brazo, case espida, rompeu a parte de abaixo do mandilón e envolveu o brazo, no medio da noite, sen saber onde ir, ela quería lavarse, porque sangraba moito. Tampouco sabía onde estaba, non había luces na estrada. Baixou a un camiño e sentiu o falar de xente.

Mais, claro, tamén ditaran un bando, que non se podía acoller a ninguén escapado e como algunha xente si fuxira polos montes, os falanxistas e gardas civís armáronse e viñan doutros sitios, percorrendo as estradas con coches, meténdose polos montes con cans e comezaron a matar. Ante iso a xente colleu un pánico horroroso.

Mamá sentiu aquelas voces, achegouse e púxose a lavar a ferida no mar. Preguntáronlle «señora, que lle pasa?», contoulles, dixerónlle que non podían facer nada. Preguntou ela onde estaba, dixerónlle que en Aguete, ela quixo saber se estaba lonxe o matadoiro de Marín, porque tiña unha prima alí. Indicáronlle, foi e a prima non a recibiu. Entón botouse sen rumbo.

Había unha fábrica de gasosas antes de coller a costa que vai a Marín, o señor traía gasosas a Cangas cun



unhas baixadas, hoxe está todo poboado, mais daquela non había practicamente casa ningunha, de Marín a Pontevedra non sei se habería unha ducia de casas. Alí pararon o coche, «¡desembarquen!». Mandaron unha cara ao monte e a outra cara a abaixo, «¡caminen!». O garda que ía con mamá ata lles rifaba aos outros, era de aquí, despois xa non quixo ser máis garda civil, «¡callaos, hombre, por

carro de cabalos e collera confianza cun parente noso que tiña unha tenda. Mamá acordouse del, coñecíanse, chamábanlle de alcume o Peneireiro. Preguntáralle a esa prima onde quedaba a fábrica e ela díxolle, co encargo de non contarlle a ninguén que fora pola casa dela. Deu co señor.

Para entón xa se correra a bola de que levaran matar dúas mulleres ao monte e só aparecera o



corpo dunha, armouse un rebumbio tal que xa se puxeron todos a buscar a miña nai. Eran xa as catro e pico da mañá.

O señor díxolle, «eu aquí non te podo ter, mais vente comigo que teño unha filla que vive bastante arriba no monte e ten o marido na *parella*, el vén de tarde en tarde, ten un meniño pequeno». Levouna alí. Cando chegou a pobre muller, extenuada, chea de sede, cunha febre horrible, a moza meteuna na cama, lavoulle a ferida con augardente, deulle unha roupa limpa, unhas zapatillas, un mantón.

Ao pasar un día, con tantos falanxistas por alí con cans... as mulleres no lavadoiro xa empezaron a falar, «ai, disque andan buscando unha muller que vai fuxitiva polos montes, que vai armada e é unha muller de moito perigo, que se se atopa que se dea parte á Garda Civil». A moza que escoitou isto chegou á casa a xunto de mamá e contoullo. Entón mamá díxolle, «non te quero comprometer; sen falta, así que veña a noite marchó», «pero onde vai ir—díxolle a rapaza—, «onde vaia, ti déixame a min». E mamá sabía como ir andando a Pontevedra, de cando papá estivera no hospital por causa dunhas hernias. Ela tiña para ir na *línea*, que valía 2,50 ptas., pero había unha compañeira cunha irmá tuberculosa e como esta compañeira non tiña, pois mamá prefería ir con ela andando.

Procurou situarse, «se estou en Marín, este monte ha de ser o que separa Cangas de Moaña». Ela buscaba sempre a altura. A noite que saíu deulle moita sede e cansazo e baixouse a beber, bebeu dunha fontíña e quedouse durmida. Cando espertou xa case había día, agora andamos atrasados respecto

do sol, antes ás 5 da mañá, no mes de xullo era día claro. Había xentes nos campos, a *aquejar* no millo, ela pasaba de lonxe. Desde Agüete atravesou todo o monte e veu parar á fonte de Coiro, sen saber camiño nin carreira. Tivo que chegar máis arriba de Coto Redondo para poder ver Moaña, hoxe hai moita máis iluminación, daquela había poucas luces, así se achegou a Coiro. De Coiro a Ermelo. Ela coñecía unha rapaza de Ermelo, que viña traballar á fábrica a Cangas, eran moi amigas, a rapaza vivía cunha avoa moi velliña, viña ganar o xornal a Cangas e despois quedaba coa avoa a axudaa no que podía. Mamá, polas indicacións que a rapaza lle dera da casa, encontrouna. A rapaza fora traballar e xa sabía o que se falaba en Cangas, «ai!, esta noite viñeron levar a señora Dolores, a familia ándaa buscando e non a atopaa...». Mamá petoulle na porta, así que a mirou, «señora Dolores!, pase, pase, ai *Dios mío!*». Deulle unha cunca de leite, «*usté* tranquiliña, eu agora vou a Cangas e vou dicirlle ás súas familias onde está». Mamá díxolle, «non, non vaias, non vaias; eu tan pronto veña a noite baixo ao Sisto, que teño aí xente coñecida». Ela quería chegar á casa, ignorando o que lle viña.

De noite púxose en camiño e así que amenceu de todo chegou á casa que buscaba, era unha casa de labranza, tiñan cortes. Meteuse por debaixo dun patio, onde estaban as cortes, e atopounos munguindo as vacas, «Ai, Dolores!, ai *Dios mío!*». Díxolles, «por favor, ide a Cangas e dicidelle á miña familia onde estou, que me veñan buscar».

Ela tardou desde que a sacaron da casa ata que apareceu catro días. Cando nos dixeron onde es-

Para entón xa se correra a bola de que levaran matar dúas mulleres ao monte e só aparecerá o corpo dunha [...]



Papá botou catro anos e medio na cadea, mais mamá botou cinco anos e medio. E despois de cumprir esa condena, aínda a desterraron, non a querían en Cangas


taba fómola buscar alí. Tivemos que ir ao cuartel, despois a Pontevedra, fomos ver a dúas altas autoridades, non lembro que eran. Tomáronlle unha pequena declaración, mamá contoulles como fora. Dixéronlle: «usted se va para su casa y no abra la puerta nunca de noche a nadie, si la quieren buscar, que vengan a buscarla de día y que la gente se entere para dónde va».

Mandárona para a casa. Para esta casa xa non viñemos, quedamos soíñas!, fómomos. Quedamos na casa dun familiar, aí en Bueu. Así que chegamos, diante da casa apostouse un falanxista co fusil nunha cadeira, saía aquel e poñíase outro, así día e noite. Naquela mesma noite, ás dúas e media da mañá, nós durmindo alí con mamá, pum, pum, pum, pum, «jesa mujer, que se levante!, jesa mujer, que se levante!». Nós fixemos un balbordo alí..., meu irmán, o que despois me mataron, meus tíos, todos. Entón chegou un falanxista de Cangas e un tenente da Garda Civil que había en Cangas que era un criminal terrible. A mamá, ante aquela ameaza, deulle un ataque de nervios e non era capaz de falar. Díxolle o tenente ao falanxista, «vete al Cuartel de la Guardia Civil y traes la máquina de escribir, que le voy a tomar declaración aquí». O que escribiu na declaración, non o sei, o que veu ao outro día na prensa, «Encontraron a una mujer peligrosa por el monte, le dispararon y la hirieron», así, todo *emboscado*. Despois soubemos, porque todo se sabe, que se miña nai sae daquela, aos dous metros xa a matan na rúa. Eles non querían que se soubese que levaran a miña nai fóra da casa a matar.

Nós fomos ao cuartel, meu irmán (o que me mataron), miña irmá e mais eu. Dixéronnos, «no, no sabemos nada de que se hayan llevado a una mujer de aquí esta noche». Respondeu meu irmán que a sacaran da casa... «¿y a usted quién le dijo que la trajeron al cuartel?», «pero yo sé que la trajeron al cuartel», «aquí no hay nada ni sabemos nada de eso». Voltamos outra vez, porque a xente veciña de alí nos dicía que si, que a levaran e que a meteran nun coche..., sabes o que nos dixu o sargento?: «¡oigan, no suban esos peldaños!, ¿a qué

vienen ustedes?, pero vamos a ver, ¿para qué queremos a su madre nosotros, para hacer una tortilla con ella?».

Seguimos buscándoa; onde fose que se falaba dunha muller morta, alá iamos, no cemiterio de Bueu vimos o corpo daquela rapaza que levaron con ela a noite do seu *paseo*. Así, ata que apareceu. Curáronlle a ferida, despois dun mes ou así, levárona a Pontevedra, botou alí dous meses e medio no cárcere. Ela no cárcere estivo maliña, maliña... Entón mataron o meu irmán. Ela non sabía nada, e nós tiñamos que ir onda ela. Eu non lle dicía nada, mais un día preguntoume, «pero como non vén visitarme teu irmán?», «mamá, está malo». Como de pequeno fora delicadiño... Mais ela insistía con frecuencia. Un día ao saír á misa no patio do cárcere, poñían nun lado as mulleres e noutro os homes, había un de Cangas que estaba preso por contrabando de tabaco e ela achegouse e preguntoulle, «mira, e o meu fillo?», «o seu fillo, matárono». Ela quedou medio morta, de feito estivo a morrer no presidio.

Despois xulgárona, cuns testemuños de nada, porque alí despachábanse xuízos coma billetes nunha estación, cada mañá, 3, 4, 5 xuízos, pero correndo, correndo, sen mirar probas, sen escoitar as testemuñas, nada, o que dicía o fiscal estaba ben. Ata tivo mala sorte, porque o fiscal que lle tocou era un fulano que viña de Asturias, morréralle un irmán na fronte e viña desesperado, aínda non falara a primeira testemuña... «a esa mujer pena de muerte, a esa mujer pena de muerte». Botou no cárcere nove meses, de alí a Saturrarán, en Motriko, no País Vasco. Papá botou catro anos e medio na cadea, mais mamá botou cinco anos e medio. E despois de cumprir esa condena, aínda a desterraron, non a querían en Cangas.² 

² As situacións que describe Lola Rodal Blanco sobre o *paseo*, fuxida e condena da súa nai e sobre a condena do seu pai no forte de San Cristóbal figuran tamén coas súas propias palabras na obra de Iago SANTOS CASTROVIEJO e Antonio NORES SOLIÑO: *Historia de Cangas 1900-1936: Unha ribeira de pescadores*, Vigo, A Nosa Terra, 2005 (Col. O fardel da memoria).

Esta é só unha proposta, certamente nin a máis completa, nin a mellor, nin tan sequera a máis sistemática das posíbeis. Un período histórico concreto unifica tematicamente a totalidade dos textos escollidos. A necesidade de evitar a dispersión fixo que nos centrásemos en material impreso, evitando nesta ocasión páxinas web, gravacións sonoras, audiovisuais e outro tipo de soportes. Á hora de realizar a escolma procurouse ademais destacar testemuños e estudos publicados recentemente. Rexistáronse todos aqueles documentos que non trataban de maneira directa as problemáticas e vivencias das mulleres. O escaso espazo e o desexo de non aburrir fixeron o resto. Agardamos que sexades quen de tirarlle algún proveito.

Unha bibliografía posíbel



VV. AA.: *Unión Libre: Cadernos de Vida e Culturas: Vermellas* (Sada, Edicións do Castro), núm. 11 (2006)

Coordinado por Carme Blanco e Claudio Rodríguez Fer acaba de saír ao mercado este sempre coitado caderno monográfico de periodicidade anual. Enlazando co número nove da colección, aparecido baixo o título «Memoria antifascista de Galicia», o presente exemplar aborda a vida de distintas mulleres galegas represaliadas.

Nestas páxinas recóllense colaboracións de Carmen Veiga de Bernardo, Luis Lamela, Dionísio Pereira, Eliseo Fernández, María Xesús Souto Blanco, Ruth Fernández, María Lopo e Olga Novo.

Entre elas o relato da morte de Juana Capdevielle, a culta esposa do gobernador da Coruña, asasinada en 1936 nunha cuneta cerca de Rábade. Ou a terríbel narración das tres mortas a mans dos falanxistas na pequena aldea lucense de Montecubeiro, unha delas era a afervoada crente Carme Sarille Lenceiro vexada até a morte simplemente por ser irmá dun republicano fuxido.

Completan esta publicación interesantes reflexións sobre a comunista Consuelo Alonso, sobre a *paseada* Mercedes Romero Abella ou sobre a represión franquista exercida contra as mulleres libertarias na Galiza.



GARCÍA, Jorge, e Fidel MARTÍNEZ: *Cuerda de presas*, Bilbao, Astiberri, 2005

Xa temos falado desta banda deseñada en *Andaina* (número 41, verán 2005), aínda así non queremos deixar pasar a oportunidade de recomendárvola unha vez máis. Sirva pois este pequeno espazo para lembrar a versatilidade e eficacia das viñetas á hora de narrar graficamente as atrocidades cometidas nos cárceres de mulleres durante a posguerra.

Os primeirizos autores recollen neste cómic un total de once historias acontecidas en diferentes presidios españois. Con verdadeira mestría logran debuxar unha realidade insoportábel por humillante e grotesca que non debe permanecer silenciada.



VV. AA.: *Poemas pola memoria (1936-2006)*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellaría de Cultura e Deporte, Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, 2006

Elaborado traballo de Manuel Fernández Rodríguez, compilador dos poemas e autor da introdución coa que se abre esta fermosa antoloxía temática que consta dun total de 78 textos en verso escritos en galego por 35 autores diferentes.


Perfectamente estruturado o poemario divídese en tres grandes apartados: memoria da guerra, memoria da posguerra e memoria da memoria. Polas súas páxinas circulan textos xa clásicos de Cabanillas, Celso Emilio, Pimentel ou Ferrín. Reivindicación, denuncia, memoria e compromiso foron os eixes que serviron para unir todos estes autores. Chegadas aquí non podemos deixar de dicilo, só seis mulleres con cadanseu poema forman parte deste interesante proxecto. En franca minoría pois, merecen os nosos máis expresivos parabéns: Carme Blanco, Marga do Val, Luísa Villalta, Luz Pozo Garza, Xohana Torres e Olga Novo.

O libro, publicado dentro dos actos que oficialmente se están a celebrar para conmemorar o chamado Ano da Memoria, foi presentado o día 1 de maio do presente ano na cidade de Buenos Aires.



FONSECA, Carlos: *Rosario dinamitera: Una mujer en el frente*, Madrid, Temas de Hoy, 2006

Na feira do libro de Madrid deste ano asinounos un libro Rosario Sánchez Mora, a «Rosario, dinamitera» inmortalizada no poema de Miguel Hernández, hoxe non podemos deixar pasar a súa historia. Derrota e dignidade danse a man nesta novela que Carlos Fonseca, o autor de *Trece rosas rojas*,¹ escribe coa axuda da protagonista.



¹ *Trece rosas rojas*, Madrid, Temas de Hoy, 2004. Texto no que o autor recolle e investiga a morte das trece menores axusticiadas en Madrid en 1939.

Con 17 anos, Rosario ingresou voluntaria nas filas do Quinto Rexemento, durante meses participou na defensa de Madrid. O 15 de setembro de 1936 perdeu a súa man dereita mentres lanzaba cartuchos de dinamita contra o autodenominado exército nacional, levaba semanas fabricando bombas en latas de leite condensado recheas de dinamita, cristais, cravos e parafusos.

Durante toda a contenda a xove Rosario traballou ao lado do bando republicano, nese mesmo período casou polo civil e queda embarazada. O seu compañeiro marchou á fronte e as súas cartas deixaron de chegarlle.

Rematada a guerra, Rosario, acusada de adhesión á rebelión, sufriu prisión en distintos cárceres españois, finalmente conmutáronlle a pena de morte por 30 anos de reclusión.

Cando logrou reunirse coa súa filla descubriu que o seu marido estaba vivo e que volvera casar con outra muller, o réxime de Franco invalidara as vodas polo civil realizadas durante a República. A nosa protagonista non se rendeu e só ao final desta apaixonante historia logrou volver reunirse co que fora o seu home.

NÚÑEZ, Mirta: *Mujeres caídas: Prostitutas legales y clandestinas en el franquismo*, Madrid, Oberon, 2003

Na época franquista non todas as mulleres foron amantes nais e submisas esposas, a catedrática da Universidade Complutense Mirta Núñez amósanos neste estudo a realidade dunhas mulleres que buscan na prostitución unha saída á miseria que a longa posguerra impuxo en moitos fogares.

Até 1956 a prostitución foi un medio lícito de gañar a vida en España, sempre e cando se realizase en lugares pechados. As prostitutas máis humildes víanse obrigadas a exercer por libre, o que motivaba que fosen perseguidas e encarceradas.

As caídas necesitaban, segundo o réxime, ser redimidas e rexeneradas. Coa colaboración de sacerdotes e ordes relixiosas o hipócrita sistema da época creou en 1941 a Obra de Redención de Mulleres Caídas. Invencción que obrigou as prostitutas detidas a catequizarse e a traballar de balde para o Estado sen reducir condena co seu traballo. Unha vez abolida a prostitución foi necesaria a creación dunha singular Comisión Coordinadora dos Problemas de Moralidade Pública, dependente directamente do Ministerio de Xustiza.

CUEVAS, Tomasa: *Presas: Mujeres en las cárceles franquistas*, Barcelona, Icaria, 2005 (Mujeres, voces y propuestas)

A autora deste libro naceu en Guadalaxara fai agora 89 anos. Con nove entrou a traballar nunha fábrica de tecidos, apenas cinco anos despois comezou a militar nas Xuventudes Comunistas. En 1931 Tomasa, como tantas outras mulleres, converteuse nunha activa e comprometida defensora da República e das súas ideas.


Rematada a guerra civil, detívérona e condenárona a pasar trinta anos en prisión, dos que cumpriría cinco. Nesta primeira estancia nos humillantes cárceres de Franco, coñecería a historia de moitas mulleres presas. Non tardou en decidir que había que contar a verdade do que sucedeu.

En 1945 volvérona apresarse, despois de sufrir torturas e vexacións, ingresou de novo en prisión e reafirmou a súa vontade. En 1974, con 57 anos cumpridos, decidiu coller unha gravadora e percorrer España en busca das súas antigas compañeiras de cárcere. Cando as atopaba animábaas para que contaran o que viviron, fixoo sendo plenamente consciente da importancia da denuncia e da inxustiza do silencio que paira sobre a nacente transición española.

Durante anos logrou reunir máis de trescentos testemuños doutras tantas mulleres, coa axuda de Vázquez Montalbán e Teresa Pàmies publicáronse en tres tomos. A obra, actualmente esgotada, non tardou en converterse nun referente para todos os estudosos da guerra civil española. O libro que aquí presentamos é unha reedición condensada deste singular e valente traballo.



QUIÑONERO, Llum: *Nosotras que perdimos la paz*, Madrid, Foca, 2005



As mulleres deste libro non son só irmás, noivas, esposas e nais, son guerrilleiras, rebeldes loitadoras e inconformistas, son as protagonistas de duros relatos de calada resistencia, de inxustiza e dor que provocan na lectora a ira e tristeza a un tempo.

Trinidad Gallego é unha nonaxenaria comunista que soportou o cárcere, o acoso, as torturas e violacións insistindo na idea de que loitar polo que unha cre paga a pena. Concha Pérez exerceu como convencida anarquista, miliciana e obreira cenetista. Xunto a elas están Rosa Cremón, brigadista internacional que abandonou a súa Francia natal para defender en España as ideas republicanas e Conchita Liaño membro de *Mujeres Libres*, agrupación feminista de ideoloxía anarquista que propuxo por primeira vez en España o que se vén chamando feminismo proletario.

Acompaña este fermoso traballo un interesante DVD, no que se inclúe o documental *Mujeres del 36*. Realizado seguindo un guión de Ana Martínez e a propia Llum Quiñonero, para o programa de TVE «La noche temática». A filmación recolle os testemuños destas mulleres de diferentes ideoloxías que desde distintos lugares, cargos e sensibilidades participaron activamente na instauración da República e na posterior guerra civil.

NÚÑEZ, Mercedes: *Cárcere de ventas*, Vigo, A Nosa Terra, 2005



Á socialista Mercedes Núñez detivérona en 1939 na rúa Real da Coruña. O 7 de marzo de 1940 ingresou no cárcere de Ventas, un centro pensado para acoller a 500 presas que nese momento habitaban algo máis de seis mil reclusas.

Durante dous longos anos a principal protagonista desta breve e intensa historia soportou as duras condicións de vida neste penal. As sacas nocturnas,

as malleiras e vexacións, o ruído dos tiros de graza dados aos fusilados, a fame e a sucidade conviven neste relato coa fortaleza e enteireza dunhas mulleres que non están dispostas a se render.

O libro escrito no exilio e publicado por primeira vez en París en 1967, está dedicado aos «fillos dos vencedores e dos vencidos», a autora quere que coñezamos o que sucedeu e que non morran no esquecemento as vivencias e sufrimentos de tantas mulleres que loitaron con desigual fortuna pola liberdade. A edición en galego publicada o ano pasado por *A Nosa Terra* ábrese cun certo prólogo de Carme Vidal.

RODRIGO, Antonina: *Mujer y exilio 1939*, Barcelona, Flor del Viento, 2003

Este libro forma parte dunha triloxía coa que se pretende facer xustiza a tres colectivos femininos marcados pola guerra civil. Nomeados en xenérico, a autora fala de: as silenciadas, as exiliadas e as esquecidas. Concorren nestas páxinas das exiliadas un total de 22 semblanzas doutras tantas mulleres que por ideoloxía ou por parentesco se viron forzadas a abandonar España tras a derrota de 1939.

Os avións franquistas bombardean as estradas e disparan en vos rasantes a aterrados nenos, anciáns e mulleres que tentan fuxir do horror. Entre eles, Ana Ruíz Hernández logra cruzar a fronteira francesa acompañada dos seus fillos Manuel e Antonio Machado. Peor sorte tivo outra nai, Vicenta Lorca Romero, quen partiu para o exilio deixando ao seu fillo Federico García Lorca brutalmente asasinado nun campo de Granada.

A bibliógrafa Antonina Rodrigo traza nestas páxinas interesantes bocexos da traxectoria ideolóxica e vital de diferentes mulleres. Entre elas María del Carmen García, actriz e compañeira de Lorca en *La Barraca*, a filósofa María Zambrano, Rosario dinamitera, a escritora María Enciso ou a loitadora Lola Iturbe.



VINYES, Ricard: *Irredentas: Las presas políticas y sus hijos en las cárceles de Franco*, Madrid, Temas de Hoy, 2003

En Madrid existiu a Prisión de Madres Lactantes, onde as mulleres só podían ver aos seus fillos unha hora ao día, onde os nenos deitados en berces choraban durante horas nun insalubre patio, mentres desde as fiestras enreixadas as presas os contemplaban tamén chorando.

A cruel María Topete Fernández foi a directora de tan lúgubre penal desde xaneiro de 1941. Desde o comezo seguiu con empeño métodos coincidentes co discurso segregacionista do militar e psiquiatra Antonio Vallejo Nájera.

A Topete separaba os pequenos das súas familias para reeducalos en centros adecuados, por suposto sempre en mans do Estado ou da Igrexa.

Sábese que en 1943 había algo máis de 12.000 menores ingresados en centros españois de asistencia pública ou relixiosa. O 62,6 % deles eran nenas, a maioría ingresou en centros relixiosos para redimir os pecados cometidos polas súas nais e os seus pais. Moitas xamais saíron, convertidas en monxas e freiras renegaron abertamente do seu pasado e dos seus proxenitores.

O historiador barcelonés Ricard Vinyes, reconstrúe neste interesante estudo de 267 páxinas a situación das presas e dos seus fillos. Nenos e nenas encarcerados sen figurar en ningún libro de rexistro. A falta de documentación fai que sexa moi difícil precisar cantos pequenos morreron entre as reixas.

CHACÓN, Dulce: *La voz dormida*, Madrid, Alfaguara, 2002

Esta estarrecedora novela da estremeña Dulce Chacón, tecida con retallos de moitas vidas reais e testemuños da posguerra española, tense convertido en todo un éxito comercial. É a historia dun grupo de presas do madrileño cárcere de Ventas, delas e dos que as rodean e do país en que todos malviven.

Polas 390 páxinas do libro circulan indignantes carcereiras que simulan bandeiras dos vencedores con caramelos de limón entre beizos pintados de vermello, mulleres obrigadas a beber litros de aceite de ricino e garavanzos que se cravan nos xeonllos durante crueis interrogatorios, pero tamén orgullosas presas que cosen clandestinamente uniformes para a guerrilla cos retallos que rouban dos talleres do presidio ou parellas que para non ser multadas por escándalo público se bican na estación do tren de Delicias mentres simulan despedidas apresuradas.

«Chorar é perder o control» afirma unha das protagonistas, e o control e a dignidade é o único que posúen todas elas, a adolescente violentamente rapada e coas siglas UHP (Unión de Hermanos Proletarios) escritas na fronte, a embarazada que espera no cárcere o momento de dar a luz para ser fusilada ou a muller que ás agachadas entra no cemiterio a recortar anacos da roupa dos asasinados, para que os seus os recoñezan e poidan chorar por eles.

NASH, Mary: *Rojas: Las mujeres republicanas en la guerra civil*, Madrid, Taurus, 1999

Neste rigoroso traballo a prestixiosa historiadora irlandesa Mary Nash investiga e analiza os distintos papeis asumidos e exercidos polas mulleres durante a guerra civil española.

Polas algo máis de 350 páxinas deste libro circulan milicianas, heroínas de retagarda, loitadoras anónimas, prostitutas, anarquistas, marxistas e outras moitas mulleres. O que importa nesta ocasión non son as historias particulares, senón as distintas reaccións e actuacións dos colectivos femininos. A conclusión do traballo pasa por recoñecer unha activa e masiva participación das mulleres contra Franco e o réxime que este representaba. Durante a guerra resultou evidente o dinamismo dunhas mulleres fondamente comprometidas que romperon cos roles tradicionais que as relegaban ao ámbito doméstico, para participar conscientemente na vida pública e política.

Asumiron os traballos máis inverosímiles na época, tomaron as armas, formáronse, impuxeron a súa voz, expresando publicamente a súa opinión, editaron e publicaron xornais e revistas. Todo isto trouxo aparelado unha obrigada reformulación da femiñidade e dos roles das mulleres que se viu drasticamente truncada coa vitoria do exército franquista.



DOÑA, Juana: *Desde la noche y la niebla (mujeres en las cárceles franquistas)*, Madrid, Ediciones de la Torre, 1978

Republicanas amoreadas en antigos vagóns de gando viaxan presas ao final da guerra entre Alacante e Valencia, con elas os seus pequenos fillos. Durante tres sufocantes días as detidas malviven apertadas sen poder saír. Como único sustento, unha cantimplora de auga e tres sardiñas. Son moitos os pequenos que non o resisten. Cando os militares fascistas abren por fin os vagóns preguntan espantados a que cheiran. A merda e a neno morto responden as desesperadas nais.

A militante comunista Juana Doña reconstrúe nesta arrepiante novela a súa propia vida. A Leonor, a protagonista, detéñena en Nadal

de 1939. Durante sesenta interminábeis xornadas sofre todo tipo de torturas nos baixos do edificio da Gobernación de Madrid. Esmagada pola policía político-social que usaba con saña os métodos aprendidos da Gestapo, Leonor ve como matan a golpes a un compañeiro ou como outro detido se corta as veas cos vidros dos seus lentes.

Cando abandona o edificio faino para ingresar no cárcere de Ventas, onde milleiros de mulleres morren de avitaminose e fan de cada chanzo das escaleiras unha inhumana cama. Condenada a morte en 1947, viviu incríbeis meses agardando polo seu fusilamento, para ao final ver conmutada a súa pena pola de trinta interminábeis anos de prisión.

NASH, Mary: *Mujeres Libres: España 1936-1939*, Barcelona, Tusquets, 1976 (Acracia)

Texto indispensable para coñecer e comprender esta organización feminista de orientación anarquista que actuou na España de 1936 a 1939.



As máis de 20.000 afiliadas a *Mujeres Libres* defenderon a necesidade de levar a cabo unha verdadeira revolución social. O movemento que tivo especial repercusión en Cataluña, fixo que durante a contenda estas mulleres loitasen non por defender un estado ou gañar unha guerra, senón coa clara vontade de conseguir unha profunda transformación social que pasaba pola emancipación total da muller.

O obxectivo era liberar a muller das escravitudes que por tradición se lle viñan impoñendo. Para isto rexeitaban abertamente todo tipo de autoritarismo masculino, consideraban imprescindible que a muller puidese acceder en igualdade de condicións ao traballo, xa que del facían depender directamente unha autonomía económica que supuñan indispensable para construír relacións de parella igualitarias e libres. As avanzadas ideas desta organización sobre educación, prostitución, sanidade e igualdade sorprenden hoxe pola vixencia con que se nos amosan. 6

ALCALDE, Carmen: *La mujer en la guerra civil española*, Madrid, Cambio 16, 1976

Carmen Alcalde foi unha pioneiras en recoller e publicar unha chea de testemuños, de documentos e de datos sobre o papel e as actividades desenvolvidas polas mulleres durante a contenda. O traballo, conciso pero completo, conforma un necesario paseo polo vivir de aquelas que experimentaron en carne propia o estoupido da guerra civil española.

Unha curiosidade: Lorenzo Varela cantou a morte da militante comunista Lina Odena, morta na fronte en 1936 ao lado de campesiños e mineiros que loitaban por unha república que trouxera á vida das mulleres o divorcio, o ensino libre e a posibilidade de militar en partidos. Daquelas oportunidades xurdiran mulleres activas e comprometidas que neste estudo saen do silencio para recordarnos que un día loitaron, pensaron e traballaron polo que crían xusto.



Pura imperial hispanofilia incrustada de fanatismo relixioso, que os representantes de deus na terra, gobernantes, vixiantes, amanuenses e outros máis se encargaban de facer medrar nos nosos corazóns e nas nosas consciencias de educandas.

As circunstancias leváronme a estudar nun colexio de freiras. Corría 1961 cando ingresei alí, interna, para cursar con bolsa o 1º de bacharelato cos meus 10 anos, xa case 11, unha nena de aldea a 30 quilómetros da vila e 60 quilómetros da capital onde estaba o colexio.

Conservo algúns recordos: de coidados, de amigas, de humillacións, de resistencias, de elitismo, de pouca hixiene, dunha gastronomía incapaz de espertar praceres e apetitos agás o leite condensado cocido dalgunhas merendas, as granadas no outono e algunha cousa máis que houben esquecer; aquel ollo de deus no triángulo da perfección véndoo todo, todo... até os máis ocultos pensamentos, ou

unha saída de domingo, nunha ringleira de uniformadas cos veos e coas luvas e un paniño no peto para tocar a furna do *Brazo incorrupto de Santa Teresa* que fixeran chegar á catedral para alentar a fe e a devoción.


Conservo outras lembranzas. Chegou o entroido de 1962, felicidade de máscaras na aldea e pracer de filloas, flores, orelas e o lacón con grelos. Erguémonos cedo, coma todos os días naquel dormitorio cheo de camas de nenas, e non puidemos abrir as fiestras porque as persianas, todas, estaban atadas e con ferrollo! Misa, comedor e, á capela outra vez facer *Horas Santas* polos graves pecados que se cometen en Rio de Janeiro!

De xeonllos nos bancos da capela, apenas sen luz e cos brazos en cruz que caen de contado... e as freiras a tocarnos nas costas para erguer os brazos, sempre en cruz sen descanso. Horas Santas! Polos graves pecados que se cometen en Rio de Janeiro... que eu sabía por

Francisco, o da Granxa, que estivera emigrado. E tiña unha sobriña, Carmiña, *la americana* vestida toda guapa con nailons e puntiñas tan distintas!

Polos graves pecados que, de xeonllos a brazos, tentaba imaxinar naquela dor. Non tiña imaxinación para tanto. Que podería ter feito Francisco o da granxa e Pura, a muller, en Rio de Janeiro para aquel sufrimento, aquela entrega involuntaria, aquel descoñecemento, aquela tortura?

Non tiña información ao meu alcance e alí remanecía eu co pensamento atorado e esmagado coa dor en xeonllos e brazos, na caluga e na alma até dar no calmorio do pecado, o inferno, o castigo, o pecado outra vez e de novo o pecado, o castigo e o lume espantoso do inferno para sempre, para sempre o pecado...

Pedagogía, formación e educación en valores merecente de honras premios e loubanzas, necesitado de lembranzas e memoria. 

No internado de freiras, 1962



 VICTORIA DÍAZ


O 10 de marzo do 1972 morreran de tiro de bala dous obreiros en Ferrol. As forzas democráticas que naquel entón se movían na Coruña, fixeramos unhas octavillas denunciando os feitos e chamando á solidariedade con Ferrol. O Movemento Democrático de Mulleres (MDM) era unha daquelas forzas. Eu ía repartilas no porto. Levábaas nun bolso grande. Pilar Valiño advertiunos que en Pepsa había un gardián chivato. De es-

guello, vin que se achegaban dous gardas civís e non me quedou outra que desfacerme das octavillas. Tireinas en bloque segundos antes de que me detivesen os gardas. Como por milagre saíu un traballador do Frigorífica e sacounas do medio. A parella da garda civil meteu-me nun almacén de peixe. Alí entregáronme á brigada social.

No meu bolso non había máis nada que o meu DNI, pero no peto da miña chaqueta, había unha ser-

villeta de papel co teléfono de José Luís Méndez Romeu. Non tiña onde desfacerme dela e comina. Custoume tragala, pero, polo menos, destruíu cos dentes o número do teléfono e o nome. Naquel momento, recordei que había tribos africanas que, para saber cal dos sospeitosos era o culpable, facíanlle comer unha pasta seca, o que non a tragaba era o culpable. Eu non puíden tragar aquela pequena bóla.

Ao cárcere



Ao cárcere por terceira vez. Iso era un alivio, xa coñecía as funcionarias, que eran unhas persoas amables, e alí non podía entrar a policía nin a garda civil, co cal me sentía protexida

En comisaría interrogoume un social que eu supuxen de orixe manchega ou andaluza. Preguntoume que facía eu polo porto a aquelas horas. Eu respondínlle cunha pregunta: «Vostede non é de aquí, verdade?». Ao responderme que era extremeño, limíteime a dicirlle: «para qué explicarlle o que é o Muro para un coruñés, se non o entendería». O meu bolso era demasiado grande para levar soamente un peite e un DNI. Preguntáronme para que levaba aquel bolso. Dixen que no Muro, sempre se pode comprar algo de peixe.

De comisaría leváronme ao cuartel da garda civil. Eu tiña medo, aínda que trataba de que non se me notase. Alí fixéronme un careo cun rapaciño ao que, segundo os gardas, eu lle dera a tarde anterior a propaganda. O pobre rapaz estaba cheo de golpes, a súa cara sangraba e case sen mirarme dixo

«si, é ela». Eu enfurecínome, díxenlles aos gardas: Se me pegan como lle fixeron a el seguramente eu asinaría que matei a José Antonio! Veremos o que lle di ao xuíz, cando vostedes xa non poidan golpealo.

Ao chegar ao xuíz pedín un careo co raparigo. O maxistrado díxome: «non fai falta. O mozo declarou que non a coñecía a vostede de nada; que a garda civil mostroulle unha foto súa e con golpes obrigáronlle a asinar unha declaración falsa». O xuíz deume a posibilidade de fuxir, xa que decretou a miña liberdade provisional. Deille as grazas, mais non aceptei a súa proposta de saír do xulgado cun oficial ata despistarmos a policía. Estabamos xa no tardo franquismo e non me pagaba a pena ser unha fuxida por dous meses de cárcere.

A policía seguía na porta do xulgado. Aplicáronme a Lei 16/1970, de 4 de agosto, sobre Peligrosida-

de e Rehabilitación Social. Iría ao cárcere cunha multa gubernativa de 250.000 ptas. que, para recorrela, había que pagar no acto en papel de pagos ao Estado.

Ao cárcere por terceira vez. Iso era un alivio, xa coñecía as funcionarias, que eran unhas persoas amables, e alí non podía entrar a policía nin a garda civil, co cal me sentía protexida.

Coñecín tres persoas excepcionais: Fina Varela, Sari Alabau e Mela, a *Carboeira*. Mela era unha persoa terriblemente solidaria que gardaba esa sensibilidade baixo unha aparencia dura. Vendía peixe na praza de Ferrol. Pregunteille de que a acusaban e contestoume: «de romper todos os ovos que puiden». Que resposta tan insólita pareceume naquel momento! Non me coñecía e non pensou en darme máis explicacións. Mela non aprendera a ler, na súa nenez repartía carbón

por terceira vez

A partir das doce o seu peixe non tiña prezo fixo, regaláballelo aos parados, aínda que coa súa picaresca facía que non se notase: «Xa mo pagarás mañá que hoxe teño moito traballo!»

polas casas. Pasou moita fame, collía as algarrobas dos cabalos da Mariña, para comelas. Dicía que eran como chocolatinas. Tiña orgullo e dignidade.

Propuxémoslle ensinarlle a ler e a escribir, ela aceptou se a cambio nos puidese ensinar algo. A min ensinoume a lavar os pantalóns vaqueiros polo revés, cun cepillo, e así empezamos o intercambio, no que ela me ensinou moito máis do que eu puiden ensinarlle. Lembrar todo o que ela me ensinou logo de tanto tempo resulta difícil. Pero intentarei algunhas pinceladas.

Ela vivía unha vida moi distinta da miña. Baixo unha aparencia tosca, agochabase unha muller chea de tenrura, amante dos seus fillos e solidaria cos parados. Explicoume como levaba o seu negocio. Compraba na lonxa cada amencer e empezaba a vender ata recobrar o investido e poder levar algo para casa. A partir das doce comezaba o saldo. Coñecía todo


Ferrol. Sabía quen tiña problemas de diñeiro e quen non. A partir das doce o seu peixe non tiña prezo fixo, regaláballelo aos parados, aínda que coa súa picaresca facía que non se notase: «Xa mo pagarás mañá que hoxe teño moito traballo!».

Por fin explicoume o de «romper ovos». A mañá do 10 de marzo chegou a noticia ao mercado de que morreran traballadores da Bazán por mor de balas disparadas desde o alto da igrexa de San Xiao. Os vendedores pecharon os seus postos para acudir ás portas da fábrica. Todos menos unha vendedora de ovos. Mela pediulle que pechase en solidariedade con todos os demais, a muller negouse e Mela non soportou a negativa, agarrrou a persiana e baixouna rompendo moitos ovos. E por isto ela díxome que estaba presa por romper todos os ovos que puido.

En maio, ao saír do cárcere, o meu home e eu, como moitos outros, quedámonos sen traballo. Me-

la traduciu no rapidamente ao seu mundo: non hai traballo non hai comida. Durante tempo estivo *invitándose* os domingos á miña casa. Traía patacas e peixe pequeno salgado *do que lle sobra da venda* –dicía– e deixábo na miña casa para que non nos faltase comida durante toda a semana. Danse vostedes de conta con que sutileza practicaba a xenerosidade?

Un triste día chegoume a noticia da morte do seu fillo máis vello, fun vela. Outra vez máis deume mostras da súa fortaleza e do seu bo corazón. «Vés darme o pésame por Javi?», espetoume nada máis verme, e sen deixarme responder seguíu «ti sabes que Javi foi sempre o meu preferido, matouno a droga, deixou de sufrir e deixoume unha nora e un netiño. Non quero pésame! Teño que loitar por este neto».

Agora Mela xa non está con noso; pero mentres a recordemos non morrerá de todo. 

NADA NOS INTERESA
MÁIS QUE O GALEGO.
NIGUÉN NOS INTERESA
MÁIS CA TI

A S Ó C I A - T E

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
Campo do Cruceiro do Gaio, 7 - 1º - 15705 Santiago de Compostela - Tel 981 56 38 85 / www.amesa.nl.org

Nome: _____
Apelidos: _____
Enderezo: _____
C.P.: _____ Localidade: _____
Tel: _____
Cuota anual: | 30,05 euros.
12,02 euros. Estudiantes e parados

Caixa/Banco Suoursal DC
c/c lo libreta de aforro
Nome da entidade: _____
Enderezo: _____

O caciquismo

caciquismo (1ª parte)

ÁUREA SÁNCHEZ

Hai quen equipara o caciquismo a unha forma de chantaxe, un estilo de actuar no que se impón a vontade de alguén que está en posición de poder fronte a outra persoa ou grupo de persoas das que pode abusar.

Os señores feudais ofrecían protección a cambio de tributos; os caciques decimonónicos aliábanse ós curas locais para exercer a represión e controlar á poboación. Na segunda República os caciques xogaron un papel crucial nos procesos electorais non só en Galicia. Rebutaron mitins, amedrentaron candidatos e votantes e dirixiron o voto de milleiros de persoas.

A dereita en Galicia veu exercendo o caciquismo poñendo me-

dios de transporte e *axuda persoal* a votantes impedidos física e mentalmente. Taxis e taxistas, autobuses de liña en viaxe discrecional carretando xente ós colexios electorais. Os partidos da oposición non lle chamaron a iso caciquismo senón *clientelismo político*.

Moitas desas persoas que foron coa papeleta da votación desde a casa ou desde o fogar do ancián, non sabían a quen estaban votando, pero o ofrecemento de acompañalos deica a urna formou parte da opereta nas votacións; unha opereta que deforma e denigra o sistema democrático.

Pero os caciques modernizáronse. Cambiaron o arado pola antesala do despacho e o despacho

mesmo. Copan medios de comunicación, organismos públicos e semipúblicos. Venden liberdade e transparencia nunha man e coa outra atemorizan e reprenden; se fai falta ameazan en forma de advertencia. O caciquismo adáptase ós novos tempos e ese poder exercido con malas artes de influencia escalou postos polas institucións.

Xa profundando un pouco máis poderíamos dicir que o poder só traballa para manter os seus dirixentes nos postos nos que están e non para cumprir un mandato previsto nos programas electorais; un programa que se poida calibrar, defender e atacar o seu incumprimento. Véxase como exemplo a guerra de Iraq á que nos levou o

gobierno de José María Aznar co 70 por cento da poboación en contra.


A impunidad e a sensación de que unha vez no poder todo é posible, é algo que se acepta como irremediable. É unha crenza popular. Todo é factible sen que os que pensan o contrario poidan ter unha oportunidade de mudar o curso das cousas; o caciquismo roe os cimentos da democracia e destrúeos coa mentira, utilizando os medios de comunicación a favor desa mentira repetida, se fai falta cen veces, ata que están seguros de ternos convencido.

Os medios de comunicación non son por desgraza o cuarto poder, como advertiron algúns e se queixaron outros teóricos no seu día. Iso é o malo do asunto. Os medios de comunicación deberían ser o pri-

meiro poder, sendo independentes, porque garanten a democracia; sen embargo, o seu control é o primeiro obxectivo que se marcan os gobernos. O poder executivo quere controlar os medios porque vai en xogo a continuidade no mando. Por iso, para acadar a verdadeira liberdade informativa, fai falta establecer obxectivos, crear organismos independentes que avalíen esa independencia. Os medios de comunicación son os que antes caen na trampa do dirixente, que, por certo, é o que fai a lei (e a trampa).

Ás veces a corrupción é tal que se nos mostra disfrazada como un exemplo para a historia. Recorde-mos cando o presidente da Xunta, Manuel Fraga, foi á Costa da Morte a ofrecer cartos despois do derramamento de fuel do *Prestige*:

Taxis e taxistas, autobuses de liña en viaxe discrecional carretando xente ós colexios electorais. Os partidos da oposición non lle chamaron a iso caciquismo senón «clientelismo político»



«veño cos cartos na man». E así foi. Prometeu e cumpriu.

Mantivo os mesmos votos nas eleccións municipais ó ano seguinte, tres anos despois gañou as autonómicas de xuño de 2005, aínda que perdeu a maioría absoluta.

Cómo se entende isto fóra de Galicia? Non se comprende. Non o comprenden. Non paran de preguntar por qué o electorado non lles deu daquela unha lección ós gobernantes por non saberen actuar correctamente co petroleiro. O caciquismo, ou alomenos certas formas de caciquismo, instalouse na sociedade e nas institucións como forma de gobernar.

Sei que é mal momento para dicilo, cando se acaba de producir un relevo na Xunta; pero se teño que rectificar, rectificarei. Direi, se teño que dicilo, que houbo un cambio substancial a partir do ano 2005.

Algúns autores chámanlle a esta forma de rexer os destinos do país co control férreo dos medios de comunicación *demoditadura*. Os factores que serían básicos para manter un gobernante no seu asento da *demoditadura* fundamentaríanse no control dos medios de comunicación, sen sitio para a máis mínima crítica, e o apoio incondicional dos líderes locais. A pirámide caciquil aséntase –din estes autores– no réxime do favor como prebenda política e no discurso do medo como único argumento electoral. «Ou eu ou o inferno», viría a dicir na campaña electoral o dirixente que exerce a *demoditadura*.

Dise que para rematar co caciquismo hai que promover un estado plural de cousas, que os que exercen o poder deixen de facelo nun sistema de pirámide.

Para poder combater o caciquismo, a cidadanía precisa medios independentes, que non se sometan a chantaxe de ningún tipo –engado eu–. As leis deberían garantir a independencia dos medios

de comunicación, a profesión xornalística denunciar o seu incumprimento.

Do antes dito podemos deducir e lembrar que a teoría da comunicación se asenta no feito de estruturar a información co sistema, precisamente, da pirámide invertida. Dámoslle a volta á situación do poder para contar ós sometidos o que o poder agocha; cando o que se agocha é un deber dalo a coñecer.

Endogamia

Na universidade, ó caciquismo púxoselle «endogamia». Con este termo denunciouse o favoritismo na designación de catedráticos e auxiliares, que eran amigos incondicionais. Saíron á luz centos de casos. Fillos e xenros de catedráticos contratados como auxiliares. Son abusos cometidos en nome da liberdade de cátedra.

A idea de *colocar en Madrid o home idóneo* non é máis que outra forma de caciquismo para controlar as prebendas e compensacións do Goberno. Lexítimas en política? É discutible. O caso máis específico e máis próximo é a reclamación dun *gobierno amigo en Madrid*, da que fixo gala Manuel Fraga Iribarne, nos anos noventa, cando gobernaba Felipe González.

Casos antolóxicos

Ó longo da historia houbo toda unha antoloxía de coaccións sobre os votantes, que é o exemplo máis grave de violar o dereito da cidadanía en democracia: cambio de papeletas no último momento, remexer no reconto dos votos, suplantando papeletas por outras, facer figurar na acta resultados non verdadeiros, etc.

Chegouse a instalar o colexio electoral nun local de círculos per-tencentes ó partido gobernante e prohibir a entrada ós que non eran socios.¹

O caciquismo na Galicia de hoxe denunciouse como *clientelismo*. Denunciouse nos dezaseis anos de goberno de Manuel Fraga con ese termo, pero non é todo.

Ningún partido está libre de culpas. O Manifesto Foro Luzes de Galicia xa apuntou que hai, ademais do clientelismo, «unha sociedade dominada polo favoritismo para todo. Os individuos dependen das conexións ou vínculos que teñan co poder político».

Claro que con dezaseis anos de goberno do mesmo partido, o clientelismo e o favoritismo está multiplicado no Partido Popular, pero o problema do caciquismo non morre aí. Por que a profesión xornalística non reclama como un dereito da cidadanía a estar informada debates entre candidatos nas campañas electorais? Por que os directores dos medios de comunicación públicos non son elixidos polo Parlamento? Por que non hai aínda hoxe un consello audiovisual?

Igual que o anterior, tamén ocorre coa marxinación laboral das mulleres. Hai unha dinámica de que o que veu sendo tradicional é o correcto, sen pensar que se está cometendo unha inxustiza e unha perda de ocasións de avanzar se se dan oportunidades a quen non as ten.


Cando se publican retratos dos compoñentes de consellos de administración ou cadros directivos de empresas públicas e privadas nas que aparecen doce homes e dúas ou tres mulleres, hai unha tendencia a xustificar o currículo de cada unha delas, como dicindo están aí porque fixeron un esforzo hercúleo e as demais non están porque non o merecen. O que pasa é que xa non só facemos esa lectura. A interpretación que damos ó asunto tamén pode ser esta: Cales serán as razóns polas que cada un dos homes do consello de administración desafiou a foto (doce homes sen piedade: o veredicto) está ocupan-

do un posto que lle corresponde a unha persoa realmente preparada, sexa home ou muller?

No Diario de Sesións das Cortes, o 23 de maio de 1933, Daniel Rodríguez Castelao dicía falando dos Problemas de Galicia:

[...] el segundo punto de mi discurso se va a referir al caciquismo. [...] Es irritante para nosotros ver cómo todavía se esgrime el desinflado tópico del caciquismo para dudar de nuestra capacidad ciudadana [...] que Madrid es el contrapeso de la caciquería gallega, el padre que corrige, el tutor que ampara y el director que guía. No; el caciquismo nació en Galicia cuando nuestra tierra perdió su fisonomía administrativa y cuando quedó dividida en cuatro provincias absurdas...

Galicia no ha tenido caciques verdaderos, porque aquellos monigotes que mandaban en Galicia en tiempo de la monarquía y los monigotes que mandaban en Galicia en tiempo de la República no están sostenidos por la voluntad de los gallegos, sino por la fuerza invencible del sistema unitario y centralista, importado en España por las dinastías extranjeras de los Austrias y de los Borbones, que, por lo visto, muchos republicanos quieren sostener. Por algo se dijo que el caciquismo es un árbol invertido que tiene sus raíces arriba y las ramas abajo.

A impresión de que na nosa comunidade se exerce o caciquismo está moi difundida. Mesmo nos anos setenta, un estudante de Madrid, imbuído nesa idea, preguntoulle directamente a unha compañeira de clase na facultade quen era o seu pai, xa que se de Galicia viña, había de ser filla dalgún cacique. 

¹ El caciquismo en España. Cuadernos de historia 16



Asunción

unha vida nas conserveiras

 PATRICIA E ANGÉLICA
COMESAÑA COMESAÑA

Asunción mira o mar, ou máis ben, un mar de bágoas asoma nos seus ollos cando lembra esa vida tan triste que lle tocou vivir.

Nacida o 10 de agosto de 1913, Asunción era a pequena de cinco irmáns: Angelita, Eugenio, Victoria, Carmen e máis ela. Dende ben pequena a vida xogoulle duro, xa que con pouco menos de 3 anos morréronlle os pais, deles tan sequera lle queda un pequeno recordo:

Sempre choraba por mamasíña [...] aínda hoxe choro por esa nai que non coñecín.

Nesta vida de tristezas aínda non cumpría os 15 anos cando comezou a traballar na Fábrica de Saco, unha pequena industria conserveira a carón do mar de Vigo. A súa estadía nesta foi breve, apenas uns días, xa que o seu irmán Eugenio non lle permitiu continuar porque consideraba que aínda era moi pequena para realizar un traballo tan duro.

* Patricia e Angélica son netas de Asunción.

Lembranzas dunha época

Aos seus 93 anos, a nosa avoa aínda lembra con suma claridade como na primeira semana na conserveira cobrou tres duros e unha peseta por traballar longas xornadas dándolles servizo ás empregadas máis vellas:

Eu como aínda era moi pequena dáballes servizo ás miñas compañeiras lavándolles os panos, as mesas de traballo, retirando os restos de peixe que daquela non se tiraban, senón que se gardaban en caldeiros para facer abono para o campo!

Algún tempo despois volveu desempeñar este mesmo traballo, pero esta vez na Fábrica de Ribas. Da súa estada alí recorda con certa nostalgia como os seus xefes a trataban con agarimo porque sabían que medrara sen coñecer os seus pais:

Chamábanme a pequeniña, e cando ía cobrar púñanme os cartiños na man para que non os perdese.

Ao cabo de cinco anos marchou traballar, xunto a súa irmá Victoria, á Fábrica de Portante, na mesma rúa Arenal. Alí Asunción limpaba, cortaba e encaixaba o peixe:

O peixe de antes era gloria, chegaba á fábrica aínda fresco... non coma o de agora que chega conxelado! Daquela os mariñeiros traían o peixe ata o peirao e nós as mulleres encargábamonos do resto. Entre eu e a miña irmá Victoria tiñamos que carrexar as caixas do peixe ata os postos das compañeiras.

Recorda Asunción que o traballo nas conserveiras era unha tarefa moi dura e que dependía sempre do cargamento que traían os barcos á costa:

Tiñámonos que levantar ás cinco da mañá para ir camiñando, á chuvia ou ao sol, dende Beade ata o Arenal [...] eran longas xornadas dende as oito da mañá ata moitas veces as once da noite [...] e cando tiñamos moito traballo había que quedar a facer horas e cando non había peixe non se traballaba, pero tampouco había cartos [...]. Traballábase os sábados e algúns domingos e non existían as vacacións, nin de Semana Santa nin de verán.


Nesa fábrica traballou a nosa avoa ata que a desgraza volvéuselle presentar diante. Con pouco máis de 20 anos tivo que deixar o traballo e facerse cargo dos fillos da súa irmá Angelita que morría con tan só 33 anos. Coidou dos seus sobriños ata que casou. Lembra con tristeza como casou nun sábado de Antroido e que non puido ir vivir co seu marido ata o martes seguinte, xa que tiña que coidar os pequenos que choraban por ter que quedar sós mentres o pai ía traballar de noite coma sereno na Panificadora:

O día que casei non puider ir co meu marido para a casa porque non era quen de deixar os meus sobriños pequenos sós.

Asunción xunto con Antonio, o seu marido, tivo seis fillos:

Si, seis fillos como seis soles! Sabino, Antonio, María do Carme, María, María da Paz e Antonio [este herdou o nome do seu irmán máis vello que morreu aos poucos meses de nacer, a quen lle seguiría María, que tamén morreu de poucos meses].

Neste intre, Asunción emociónase, se cadra cada enrugado do rostro da nosa avoa é testemuño de todas e cada unha das súas tristezas:

A miña vida foi sempre un mar de bágoas, morréronme os meus pais, a miña irmá e dous dos meus meniños... A vida non me foi agarimosa, pero a trancas e barrancas fomos tirando ata hoxe. 



A masona

(1851-1923)

Rosario de Acuña*

 MARISA GONZÁLEZ SEOANE

Rosario de Acuña nace en Madrid en 1851 no seo dunha familia aristocrática.

Na época da gloriosa Revolución (1868-1870) residirá en Italia e viaxará por Francia e Portugal.

Danse a coñecer as súas primeiras obras no período da primeira República e continúa ao longo da súa vida escribindo para xornais e revistas nacionais e estranxeiras.

Rosario é a primeira muller que ocupou a cátedra do Ateneu de Madrid ofrecendo un recital poético de grande resonancia nos ambientes literarios da época, onde

non se permitía o acceso das mulleres, como Cecilia Böhl (Fernán Caballero), que tiña que asinar cun pseudónimo masculino para poder acceder a ese nivel ou círculo excluínte do seu xénero.

Rosario de Acuña sufriu o exilio en Portugal. Este *convite* foi obra da moi relixiosa, cristiá e compasiva organización ultra ACCIÓN CATÓLICA que, asume a dirección e organización de protestas e algarradas públicas na súa contra pola valente e decidida defensa da súa liberdade de expresión e pensamento, ao publicar un artigo que res-

pondía a unha agresión sufrida por estudantes estranxeiras e españolas cometida por universitarios madrileños.

Como intelectual e «muller libre e de bos costumes» (así se definen os/as masons), traballou con ímpetu e firme decisión polo recoñecemento dos dereitos das mulleres e dos traballadores. Defendeu cos seus IRMÁNS traballo digno, hixie-

* Na actualidade existe unha loxia da GLE (Gran Logia de España) en Asturias que leva o nome de Rosario de Acuña.

ne, dereito ao ocio, cultura e formación para todos e todas. O seu empeño non estaba só en palabras ben escritas, discursos ben ligados, retórica baleira... Rosario Acuña practicaba aquilo que recomendaba facer aos membros das clases privilexiadas do seu tempo. Púxose á fronte dunha granxa avícola experimental en Cueto (Santander) durante unha temporada, probando en carne propia a dureza do labor. Nun dos seus artigos escribe:

Mais sempre que vexo as cuadrillas de señoritos/as entregados ás ledeiras destes faceres do deporte, non podo deixar de pensar o ben que se equilibrarían as forzas de toda a Humanidade se estas agrupacións de entretidos para ben seu, se adicasen tamén para o ben alleo...

afirmando así a súa visión pragmática e utilitaria dos ilustrados británicos ou franceses, non a outra, a romántica, centroeuropea, na que Rosario non está.

En 1907, con 56 anos de idade, Rosario asina o seu TESTAMENTO e nel afirma con contundencia que «estaba separada da relixión católica», aserta o «desprezo completo e profundo [que sente] polo dogma infantil e sanguinario, visíbel e irracional, cruel e ridículo, que serve de maior rémora para a racionalización da especie humana». Afirma que viviu e que morre «separada radicalmente da igrexa católica (e de todas as sectas relixiosas)», e, temendo ser manipulada na hora da súa agonía, continúa a escribir:

E se nos meus últimos instantes de vida manifestase outra cousa, conste que protesto en sá saúde e en sá razón de semellante manifestación, e sexa considerado como produto da doenza ou como produto de manexos clericais máis ou menos hipócritas impostos no meu estado de agonía; e por tanto, ordeo e dispoño que diga o que diga no trance da morte (ou que digan o que eu dixen) se cumpira a miña vontade aquí expresada, que é o resultado dunha conciencia serea e derivada dun cerebro saudábel e dun organismo en equilibrio [...].

Aquí vemos como xa se anticipa para prever calquera rareza, contradición, imprevisto que poida alterar a uniformidade do seu ego que está dentro da máis pura tradición ilustrada, racionalista, utilitarista que ela asume e na que acredita profunda e apaixonadamente.

Rosario solicita no seu testamento ser enterrada en cemiterio civil:

[...] na caixa máis humilde e económica que haxa, e o carro máis pobre (no que non haxa ningún signo relixioso nin adornos ou gualdrapos, de ningunha clase, todo isto impropria da sinxela austeridade da morte.

Obsérvese a persistencia do verdadeiro espírito cristiá xa virado laico e que conserva todas as grandes ideas básicas de humildade, amor aos pobres que compón ese cristianismo sen Igrexa (p. e., o de Francisco de Asís, nesas formas sentimentais).

Rosario fai unha reflexión desde o interior de si mesma cunha adhesión explícita aos tres pilares que sustentan a ética que profesa: LIBERDADE, IGUALDADE, FRATERNIDADE. Unha forte vontade e autodisciplina, uns valores nos que cre e fundamenta toda a súa existencia, é a librepensadora por excelencia, intelixente, culta e comprometida no seu tempo na defensa da cultura, ocio e traballo digno para todos e todas, sen ningún xénero de distinción.

Muller lúcida do séc. XIX non recoñecida aínda como outras contemporáneas súas pero non esquecida por aqueles homes e mulleres que a gardan na memoria e no corazón.

Na obra de Rosario de Acuña notamos máis esa presenza crítica, esa preponderancia do sentido pragmático, da racionalidade, da crítica á sociedade do seu tempo, quizais máis que a imaxinación, paixón ou a fantasía desbordada doutras autoras e autores da época (Fernán Caballero, Rosalía de Castro, Pardo Bazán).

Estas notas intentan recuperar para a historiografía unha muller que ofreceu no seu tempo e contexto o mellor de si, nunha entrega xenerosa da súa lucidez e esperanza a millóns de mulleres menos afortunadas que ela e polas que padeceu a incompreensión da sociedade ben pensante que a rodeaba.

Obras da autora:

- ¡Un ramo de violetas (1873)
- La vuelta de una golondrina (1875)
- Rienzi el Tribuno (drama trágico en dous actos e epílogo orixinal en verso) (1876)
- Ecos del alma (poesías) (1876)
- En las orillas del mar (poema) (1876)
- Amor a la patria (drama trágico nun acto e en verso) (1877)
- Morirse a tiempo (ensaio dun pequeno poema)
- Tribunales de venganza (drama trágico-histórico en dous actos e epílogo) (1880)
- Influencia de la vida del campo en la familia (1882)
- Tiempo perdido (1881)
- La siesta (colección de artigos) (1882)
- El lujo en los pueblos rurales (1882)
- Sentir y pensar (poema cómico) (1884)
- Lecturas instructivas para los niños: páginas de la naturaleza (1888)
- El crimen de la calle Fuencarral. Odia el delito y compadece al delincuente (1888)
- El padre Juan (drama en tres actos e en prosa) (1891)
- La voz de la Patria (1893)
- La higiene en la familia obrera (1902)
- Avicultura (1902)
- El ateísmo en las Escuelas Neutras (1911)
- E moitos artigos e contos. 6

Literatura alternativa: Os contos non sexistas de Adela Turín e Nella Bosnia

Libros

MACARENA GONZÁLEZ PENA

Adela Turín é unha das pioneiras en escribir sobre este tipo de literatura infantil. Estudou historia da arte e deseño e escribiu estes contos, mentres Nella Bosnia, que fixo estudos artísticos, ilustrounos. Estas dúas mulleres fundaron a editorial Dalla parte delle bambine («A favor das nenas»), en 1972, en Italia, para intentar acadar os dereitos das mulleres por medio desta literatura infantil.

Este feito é moi importante para os nosos nenos e nenas, porque é sabido que os contos son un medio de transmisión dunhas determinadas crenzas, valores, estereotipos... Este tipo de literatura como indica o propio título (literatura alternativa) aparece fronte á literatura tradicional para dar respostas aos cambios sociais que estaban acontecendo. Os contos tradicionais reproducen os estereotipos das familias patriarcais tanto nos homes coma nas mulleres. As nenas transfórmanse en noivas pasando a ser esposas nos contos, e por último en nais e o mesmo ocorre nos nenos. Pero esta formación prodúcese de forma diferencial para homes e mulleres ou para nenos e nenas, dáse unha discriminación da muller que aparece representada como sumisa, doce, cuidadora, relacionada coa vida doméstica ou privada, mentres que o home se re-


presenta como dominador, agresivo, portador dos bens económicos, relacionado coa vida pública. Para a nosa infancia é necesario romper con esa serie de estereotipos sexistas para intentar chegar a unha igualdade real e non formal cos novos modelos de familia, sociedade, etc. Estas iniciativas de contos alternativos que xurdiron nestas épocas fan posible que o horizonte para lograr esa igualdade sexa un pouquiño máis cercano, pero aínda queda moito camiño por andar.





Persoalmente escollín tres libros de Adela Turín e Nella Bosnia para comentar e son os seguintes: *Rosa caramelo*, *Una feliz catástrofe* e *Arturo y Clementina*, editados pola editorial Lumen. A orde escollida non é aleatoria senón que foi pensada para ver a relación (nena-esposa-iberación), para iso comezaremos polo conto de *Rosa caramelo*, de seguido *Una feliz catástrofe* e para rematar *Arturo y Clementina*.

Para comprender o artigo cómpre ler os contos que se poden encontrar en Internet ou na editorial Lumen (ver bibliografía). Os tres contos seguen unha mesma liña: nun primeiro momento mostran os estereotipos da sociedade e despois rompen con eles aportando novos modelos. Espero que vos sexa ameno e para iso acompaño o texto dalgunha ilustración.

Rosa caramelo

Neste conto as elefantas, seguindo as súas tradicións, tiñan que casar e estar guapas para o sexo masculino. Esta idea relaciónase coa muller obxecto-de-sexo sexual, é dicir co culto á beleza e co rol sexual da reprodución. Tamén podemos relacionalo coa diferenza sexo/xénero na que existe unha dicotomía, porque a pequena elefanta para ser unha elefanta adulta, seguindo esa cultura androcéntrica, ten que ter unha serie de características, funcións e roles (como a pel rosada e suave, ollos grandes e brillantes). Nesta sociedade de elefantas e elefantes as femias ocupan a vida privada (xardín cercado) estando presas, mentres que os machos ocupan a vida pública (a selva) estando libres. Cos exemplos anteriores observamos que se representan os estereotipos desamada ou sociedade que poderíamos equiparar á nosa. Ademais as pequenas, para acentuar a cor da pel rosa, levan uns adornos como laciños de cor rosa, zapatíños e pescozos da mesma cor.





Coa chegada de Margarida todo cambia, ela é diferente, podíamos dicir *queer* (rara), con respecto ao resto das elefantas crías. Esa diferenza débese a que non posúe as características asociadas á femia, xa comentadas anteriormente, nesa sociedade. Un bo día, cansa de ter que seguir a masa e os outros,

decide emanciparse do xugo patriarcal e para iso ten que romper as normas (indo xogar fóra do xardín cercado). E, finalmente, ante este novo modelo o resto de elefantas imitan a Margarida saíndo fóra do xardín cercado que representa o cárcere.

Una feliz catástrofe

Neste conto nun primeiro momento aparecen representados os roles dunha familia tradicional patriarcal cos seus protagonistas: uns ratos e ratas. As femias, os machos e as crías do conto aparecen cuns símbolos, roles e actividades diferenciadas. No caso da mamá-rata relaciónase co coidado dos fillos e a realización das tarefas domésticas, mentres que no caso do papá-rato as actividades realizadas están en relación coa vida pública como traballar fóra de casa. Os ratiños axudan a nai na casa e soñan con batallas, mentres as crías-femias axudan a súa nai e soñan con casar (isto na versión de Internet). Os símbolos máis destacables son o periódico para o home, e para a muller o mandil. Outros feitos que representan a familia patriarcal son a chegada da noite, na que o rato vén canso de traballar e a muller tenlle que preparar a cea, darlle o café, pórllle as zapatillas, mentres que o rato lles conta aventuras aos seus fillos e fillas e estes/estas téñeno como un heroe digno de alarde. Posteriormente todo cambia coa chegada da catástrofe na que perden a casa. Neste momento a nai convértese na heroína porque salva a súa familia e os seus fillos e fillas van de exploradores polos arredores coa súa nai, que apren-



de a tocar a guitarra mentres que o pai cambia de rol mudando a amo de casa. Este cambio de papeis aporta un novo modelo de familia para os nenos e as nenas. O final é aberto, porque volven á súa casa, pero resulta que hai unha tubeira rota, e non sabemos que pasará, se ese cambio de roles perdurará ou non.

Arturo y Clementina

Arturo e Clementina son dúas tartarugas novas que se namoran e casan precipitadamente. Clementina estaba chea de ilusións, como viaxar e atopar novas plantas, estanques, ir a Venecia, pero pronto esas ilusións desvanécense. Os días nesta parella son monótonos. Caracterízanse porque Clementina queda na casa e Arturo tráelle a comida. Os papeis desta recién casada parella son desiguais, o mozo Arturo ridiculízaa (chámalle tonta, non confía na capacidade dela, pois quere aprender cousas como tocar a frauta, pintar), domina a Clementina, mentres que Clementina está subordinada, queda na casa e abúrrese. Ante o fastío de Clementina Arturo tráelle cousas materiais, como o gramófono, un cadro, un xarrón de Murano. Arturo é dono do poder, vai tecendo unha rede na que Clementina está atrapada, dille: «que farías ti sen min?» e carga o lombo de Clementina con cousas que cada vez pesan máis e máis. Pero Clementina está moi triste e finalmente sae da casa e por curiosidade observa ou explora o seu entorno (espazo público), pasea e gústalle, porque se sente feliz e libre das ataduras de Arturo. Un día Clementina marcha, sepárase ou libérase do marido e vai polo mundo buscan-




do aventuras e quizais agora estea facendo as cousas que ela quería, como pintar ou tocar instrumentos. Posteriormente Arturo minusvalora a súa muller, por abandonalo, fronte aos seus amigos.

Este tipo de parella é moi común na nosa sociedade capitalista, na que hai persoas que pensan que o cariño ou amizade mércase con agasallos ou cousas materiais. Pero de todos e todas é sabido que estas relacións acaban fracasando como foi o caso de Arturo e Clementina. O máis importante é que as relacións interpersoais sexan satisfactorias, é dicir, levarse ben, pero sen que haxa ningún tipo de discriminación nin sometemento por parte dun ou outro sexo.

Conclusións finais

Sen menosprezar o traballo destas dúas mulleres que é magnífico na década de 1970, hoxe en día quizais estes contos non sexistas se guen sendo bos para mudar a sociedade, pero tamén sería preciso que se fixesen algúns cambios. As autoras, ao meu parecer, céntranse no feminismo de Simone de Beauvoir, da igualdade, na que a muller imita o sexo dominante. Os contos que se fan actualmente poden ter como referencia estes traballos, pero aproximándose ao feminismo da diferenza, na que homes e mulleres vivisen a súa femiñidade ou masculinidade como quixesen, sen imitar o estatus dominante. Algúns exemplos para alcanzar este feminismo da diferenza serían que houbera un reparto equitativo das tarefas domésticas entre os dous sexos, pero non a asunción total por parte dun ou outro sexo ou só nun momento excepcional, a corresponsabilidade familiar, o aprezo e respecto polo que fai o outro ou outra como o coidado de persoas, profesións sen discriminación por sexo, xogos e xoguetes sen carga sexista para os nenos e nenas.

Bibliografía

- TURÍN, Adela: *Arturo y Clementina*, Barcelona, Lumen, 2001.
- *Los cuentos siguen contando. Algunas reflexiones sobre los estereotipos*, Madrid, Horas y Horas, 1995.
- *Rosa caramelo*, Barcelona, Lumen, 2001.
- *Una feliz catástrofe*, Barcelona, Lumen, 2001. 



Feminismo versus pacifismo. *Sobre Tres guineas de Virginia Woolf*

Libros

ISABEL LODEIRO VALES

Para Inés

Quero traer a colación o libro *Tres guineas*¹ de Virginia Woolf, non sen antes confesar que cheguei a esta obra excepcional, merced a un libro que caeu nas miñas mans de casualidade, *Pensamento pacifista*² e onde atopei algunhas referencias a este libro do que vou a falar, o que me levou a lelo avidamente pois nel vin algunhas das respostas que eu estaba a buscar cando se instauraba en min o inverno ferrolán.

O presente libro, publicado no ano 1938, en vésperas pois da segunda Guerra Mundial, xorde para dar resposta a unha pregunta que lle fai un home culto e amigo de Virginia sobre como poden as mulleres evitala guerra, para o cal o libro encomenzará dando resposta a esta pregunta e situándonos en que Virginia Woolf vai falar desde a voz que ela representa, é dicir, a de filla dun pai con educación.

Asimesmo a primeira parte do libro é un discurso que se constrúe sobre a ficción de contestar a tres cartas, que son: a primeira delas a de este home culto do que falabamos máis arriba; a dunha tesoureira dun colexio universitario feminino; e a de outra tesoureira dunha asociación que apoia a inserción das mulleres no mundo do traballo. Para contestar a estas tres cartas Vir-



ginia válese de fontes coma a historia, a biografía e o periódico.

Así pois, e en primeiro termo, Virginia encomeza o libro concedéndolle a primeira das tres guineas que vai asignar no libro ó home culto, a cambio de que as fillas de pais con educación poidan estudar igual que o facían os seus irmáns, e para quen se dedicaban por eses anos tódolos fondos quedando así as mulleres relegadas ás tarefas domésticas ou ben tendo como outro destino o matrimonio, que as anulaba como persoas, pois pasaban a depender dun home. En definitiva, o que reclama Virginia Woolf ó seu amigo é que as mulleres poidan acceder a unha educación para conquistar un traballo coa fin de non estar totalmente xustapostas ós dictamens do home.

Nesta primeira parte do libro Virginia analiza a influencia que tiveron ó longo da historia as mulleres fillas de pais con educación e recórdanos a importancia que tivo no ano 1919 o feito de que se lles recoñecese ás mulleres o acceso ás profesións, pois, con este dereito conseguiron unha maior influencia, xa que cos cartos que gañaban podían criticar e non ter que mostrarse aquiescentes de continuo.

Agora ben, como prosegue Virginia, con esta influencia non é dabondo, pois aínda hai diferenzas sustanciales entre os homes e as mulleres, coma que os homes posúen por dereito propio todo o capital e non a través do matrimonio como lle acontece ás mulleres, e é por iso que Virginia Woolf reclama como punto moi importante para as mulleres que ela representa a educación, para así poder evitala guerra, xa que con esta educación poderían acadar maior influencia nos homes.

Prosegue o libro concedéndolle a segunda das guineas a tesoureira do colexio universitario feminino e así recibir a educación universi-

¹ WOOLF, Virginia: *Tres guineas*, Barcelona, Lumen, 1999.

² PRAT, Enric (ed.): *Pensamientos pacifistas*, Barcelona, Icaria, 2004.

taria, mais Virginia non fai concesións en balde e a condición que pon é que se constrúa un colexio diferente onde ensinalas artes da humana relación, a arte de comprendela vida, a da fala, etc. En definitiva, o que se pretende con este colexio universitario é combinalas artes e non segregas e especializar porque a historia demóstranos que a educación dos vellos colexios non promove o respecto á liberdade nin o rexeitamento á guerra, senón xusto o contrario fomentado, por exemplo, a competitividade.

En canto á segunda parte do libro, Virginia remóntanos de novo ós feitos da biografía, que como dixemos é un recurso que utiliza ó longo de todo o libro, e o que conclúe é que as profesións provocan un carácter combativo, de competitividade, é entón que Virginia pregúntase que sentido ten exercelas profesións deste xeito, é dicir, que imos acadar con isto. A resposta parece clara, o que imos acadar é igualarnos ós homes, e, para que isto non sexa así Virginia concede a terceira das guineas á tesoureira da asociación que apoia a inserción das mulleres no mundo do traballo, a cambio de que sexa para axudar ás mulleres a ingresar nas profesións, sempre e cando non se impida que outro ser humano, calquera que sexa a súa condición e

sempre que estea capacitado para facelo, exerza esta profesión, e dicir, non impedirlo, senón que se faga todo o posible para axudarlle.

Mais, Virginia vai máis aló do feito de conquistar unha profesión para así gañar cartos, porque chega a preguntarse se os cartos son unha posesión desexable e, conclúe que hai que atopar un termo medio, pois igual que a extrema riqueza non é desexable, tampouco o é a extrema pobreza. O argumento que esgrime Virginia Woolf é que de pouco nos vai servir gañar os mesmos cartos ca os homes se con iso temos que aceptar todo o que conleva e así non imos poder levar unha vida plena, en harmonía e, tendo por conseguinte pouco tempo para os fillos, as amizades, as viaxes, a arte. O que propón Virginia é gañar os suficientes cartos, pero a cambio que nos neguemos a apartarnos da pobreza, a castidade, a burla e a liberdade con respecto a liberdades irreais e, definenos estes termos dos que eu por non estenderme, vou falar do da liberdade, do que di que debemos despoxarnos do orgullo da nacionalidade, do relixioso, do de universidade, de escola, de familia, de sexo, para así conquistarla.

Finalmente, na terceira parte do libro, da que adianto que a min páreceme a máis interesante, Virgi-

nia vainos a propor unhas medidas como de «Desobediencia civil» que a min lémbreme a Thoreau,³ outro gran pensador pacifista, pola crítica que este lles fai ós gobernos, ás leis e á educación. Nesta parte, Virginia volta á carta do seu amigo na que lle pide que firme o seu manifesto para evitala guerra e comprometerse a proxectala cultura e a liberdade intelectual. Para iso, a nosa autora encomeza por analizar o que significa a cultura hoxe en día e como esta pode estar adulterada pola notoriedade e a publicidade e, é por isto que Virginia pídelo ó seu interlocutor que renuncie a dar conferencias, que non apareza en tribunas públicas, que non acepte medallas nin honores, nin títulos para así preservar en estado puro a cultura e a liberdade intelectual.

Pero, Virginia non se queda aquí e, vai moito máis aló no seu pensamento e o que propón é crear unha nova sociedade que ela denomina a «Sociedade das Estrañas», e, esta sociedade tería coma primeiro deber o de non loitar con armas e, en caso de guerra negarse a tra-

³ THOREAU, Henry: *Desobediencia civil e vida sen fundamentos*, Santiago de Compostela, Positivas, 2002.

ballar en fábricas de municións e a coidalos feridos, tamén demándalles ás mulleres ter unha actitude de indiferenza, por exemplo, ante a palabra patria pois, coma se pregunta Virginia Woolf, que nos deu ás mulleres a patria ó longo da historia se sempre nos tratou coma escravas e denegounos a educación e o compartir as posesións da patria e, isto é tanto así que ela conclúe que na súa condición de muller non ten patria e que a súa patria en todo caso é o mundo enteiro.

Mais desta indiferenza seguíanse algúns actos, coma o de non participar en manifestacións patrióticas, non dar a aprobación a forma algunha de loubanzas nacionais, non asistir ás exhibicións militares, etc.

Tamén propón Virginia para esta Sociedade das Estrañas que se comprometan a gañarse a vida para ter unha independencia, pero, como non podía ser doutro xeito, aínda hai mais, e así, a nosa auto-demanda do Estado que lle pague un soldo a aquelas mulleres que teñan coma profesión o matrimonio e a maternidade, que cobren un verdadeiro soldo para lograr acadar que os seus maridos teñan que traballar menos e deste xeito o traballo quedaría equitativamente distribuído e, finalmente, o home tería unha opción para a

liberdade, para transformarse nun home enteiro.


As estrañas tamén obrigaránse a adquirir un coñecemento total das profesións e a denunciar os casos de tiranía ou abuso das súas profesións, comprometeranse asimesmo a abandonar toda competencia, negaranse a exercer profesións contrarias á liberdade, en concreto, a de fabricar ou mellorar inxenios bélicos, tamén rexeitarán cargos ou honores que limiten a liberdade, investigarán as actividades de tódalas institucións públicas coma a da Igrexa e as universidades.

Esta Sociedade das Estrañas ten a finalidade última de velar pola igualdade, a liberdade, e a paz, pero, coa diferenza de que pretende alcanzalas por outros medios, como son o dun sexo diferente, unhas tradicións diferentes, unha educación e valores diferentes que se puxeron á nosa disposición.

Antes de rematar este artigo, quixera facer unha serie de reflexións e de preguntas a nós mesmas.

En primeiro lugar, quero chamar a atención sobre a actualidade plena que ten este libro, malia estar escrito no ano 1938, o cal concédelle un valor enorme a este texto, pois non é perecedeiro, senón que nos tempos que corren cobra máis valor se cabe lamentablemente, en plena campaña neste

país tivemos que soportar programas electorais que non aseguraban unha renda básica ás amas de casa coma propuña Virginia. Por outra banda, pregúntome tamén se coñecedes algunha universidade na que non se fomente a competitividade coma propuña Virginia. Estaremos aínda a tempo de construírmos esa «Sociedade das Estrañas»? A que estamos dedicando as nosas enerxías e cartos as mulleres ou máis ben, que intereses estamos a defender con eses actos cotiáns? Cantas mulleres coñecedes que se deixan condecorar e falan en público? A que obedecen todos eses premios que se nos conceden? Por que cada vez hai máis mulleres que traballan para as Forzas Armadas e nos estaleiros? Finalmente, pregúntome se seremos quen de conquistar un novo mundo tendo presente este libro e sabendo que non vivimos nun mundo en paz na súa acepción máis pura.

Leamos a Virginia e traballemos a partir do que nos di, é a miña mensaxe de esperanza. 

Los girasoles ciegos

Libros

MÉNDEZ, Alberto: *Los girasoles ciegos*, Madrid, Anagrama, 2004

ANA M.^a ARELLANO

O escritor Alberto Méndez, fillo do poeta José Méndez Herrera, naceu no ano 1941 en Roma (Italia). Nesa cidade estudou o bacharelato e de volta a España licéñzase en Filosofía e Letras pola Universidade Complutense de Madrid. Vinculado á esquerda antifranquista, foi militante do PCE desde moi novo. Considerado como un *roxo perigoso* foi expulsado da universidade por encabezar as protestas contra o réxime que motivaron tamén a exclaustación dos profesores Jose Luís Aranguren, Agustín García Calvo e Enrique Tierno Galván.

A súa actividade profesional desenvólvese no campo editorial, particularmente na Editorial Ciencia Nueva e Grijalbo. Desde esta actividade tivo tamén que batallar contra a censura, o daquela ministro de Información y Turismo, Manuel Fraga Iribarne, pechoulle a editorial Ciencia Nueva.

Alberto Méndez finou en Madrid en decembro de 2004, a idade de 63 anos, uns meses despois de que saíra á rúa, *Los girasoles ciegos*, a súa única obra publicada e que mereceu tres galardóns case consecutivos: O Premio Setenil ao mellor libro de contos do ano 2004, o da Crítica, en abril de 2005, e en outubro de 2005 o Premio Nacional de Narrativa.

O libro recolle pequenas historias situadas cronoloxicamente desde o final da guerra civil española



ata o ano 1942, e que como el mesmo explicou na presentación do libro, non son certas pero si verdadeiras. Cunha prosa coidada e moi fermosa, vai debullando en catro relatos titulados «derrotas», a dor duns personaxes que aínda sendo vencidos no campo de batalla non os lograron derrotar na súa honestidade e principios éticos.

A primeira é a historia dun militar franquista, o capitán Alegría, que o último día da contenda se pasa ao bando republicano porque non quere formar parte da conquista dun cemiterio, dunha vitoria máis avarenta de cadáveres que de triunfos bélicos.

O segundo relato, está presentado como as reflexións dun xove poeta que foxe ao monte coa súa muller embarazada, que morrerá de parto. A súa loita por aceptar o

fillo froito da fuxida, por seguir con vida entre a neve, a fame e o medo... Son textos que conmoven, só dulcificados pola beleza con que están escritos.

A terceira narra a historia dun preso que coñeceu o fillo do xuíz militar que o vai condenar e que para pospoñer a súa sentenza de morte inventa heroicidades diante dunha nai desconsolada que asiste aos interrogatorios, pero finalmente ante a raiba e a impotencia dos fusilamentos dos compañeiros decide contar a verdade da vida do fillo, mesquiño e covarde, para arrebatarse así ao verdugo o consolo do orgullo e a autocomplacencia.

E a cuarta narra o caso dun escolar cun pai escondido nun armario dentro da casa e a nai, asediada sexualmente por un diácono luxurioso.

As catro historias teñen uns firos sutís de conexión entre os personaxes, o terceiro co primeiro e o cuarto co segundo, que lle dan a toda a obra un valor engadido de conxunto.

Son historias sinceras que axudan a reconstruír sen revanchismo a memoria de tanta dor e desconsolo como quedou agochada nas vidas daquela xeración que viviu os horrores dunha guerra civil e a asumir a nosa historia recente sen ambaxes nin adoutramentos falaces.

axenda

PUNTOS DE VENDA

A Coruña

Librería Couceiro. Praza do Libro, 12

Librería Xiada. Avd. de Fisterra, 76-78

Librería Lume. Rúa Fernando Macías

Pontevedra

Librería Michelena

Rúa Michelena, 22

Librería Paz. Peregrina, 29

Santiago

Librería Couceiro

Rúa do Hórreo, 9

Librería Pedreira

Rúa do Home Santo, 55

Baba. Área Central

El Kiosko. Praza de Galicia

Ártico. Rúa do Vilar, 49

Lugo

Librería Trama

Avd. da Coruña, 21 (galerías)

Ourense

Livraria Torga. Rúa da Paz, 12

ALGÚNS

ENDEREZOS E TELÉFONOS

DE INTERESE

Lugo

Casa da Muller. Concellería da Muller

Avda. da Coruña, 212. Tel.: 982 206 336

Santiago

Servicio de Asesoramento das Mulleres.

Concellería da Muller

Horario: mañá de 10 a 13 / tarde dos luns, mércores e venres de 17 a 19 h.

Praza da Constitución s/n. Tel.: 981 571 461

Vigo

Alecrín

Centro de Documentación, biblioteca, hemeroteca

Horario: de luns a xoves, de 9.30-13.30 e de 16.30-20.30 h

García Barbón, 30 - 5º. Oficina 8

Tel.: 986 439 459

Casa das Mulleres

Horario: tardes, de 17.30 a 21.30 h

Rúa Romil, 20. Tel.: 986 442 194

Pontevedra

Asesoría Xurídica Mulleribus

Asamblea de Mulleres de Pontevedra

Benito Corbal, 36-1º. Tel.: 986 865 028

Horario: Martes e Xoves de 19 a 21 h

Xanela. Apartado 90. 36810 Redondela

S.G.I.

Servicio telefónico de asesoramento gratuito

Tel.: 900-400 273

PUBLICIDADE



AQUANOVA
VELES

Benito Corbal, 16
986 850 086 (4 líneas). Pontevedra



Jorian
PELUQUEROS

C. Betanzos, nº. 15
Santiago de Compostela
Tel.: 981 563 677



Coralia e Maruxa, mais coñecidas como *as dúas en punto*, son algo máis que unha típica estampa compostelana. Detrás da súa imaxe escéntrica ocultábase unha vida construída na disidencia a unha cidade reaccionaria e clerical. Ambas, ao igual que os seus irmáns, eran miltantes da CNT e sufriron nas súas carnes a represión anterior e posterior ao 18 de xullo de 1936. Co golpe militar e fascista ocultaron o seu perseguido irmán e, por mor diso, foron humilladas pola Garda Civil no monte Pedroso en numerosas ocasións. A partir dese momento a súa vida continuou de maneira rutinaria con paseos polo centro de Santiago ás dúas da tarde. As escandalosas cores dos traxes que elas mesmas se facían iluminaban a posguerra franquista dunha cidade triste e derrotada após a represión.

Durante moitos anos non se soubo, ou non se quixo saber, dos acontecementos que marcaran a súa vida: considerábanas tolas, ríanse delas... Mais tamén foron tratadas con agarimo por sectores da cidade que as apoiaban economicamente e que se preocupaban do seu benestar persoal.

Morreron soas, como viviron nos anos oitenta, e ficaron case esquecidas até que o Concello de Compostela decidiu erixir unha estatua delas no paseo central da Alameda.

As Mariñas